# ESTRUTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL

2

## 2.1. Introducción

No capítulo anterior estudamos a realidade macroeconómica galega do ano 2004; neste ímonos centrar na estrutura e na dinámica do tecido produtivo de Galicia e máis na política industrial das diferentes administracións públicas.

Primeiramente, achegarémonos á estrutura empresarial galega baseándonos en datos obtidos do Directorio Central de Empresas; trataremos do crecemento do número de empresas galegas, da forma xurídica que adoptan, da distribución por provincias e por estratos de asalariados.

Nos apartados seguintes analizaremos a situación económico–financeira das empresas galegas, as enquisas industriais (de empresas e de produtos), dalgúns servizos (como o comercio polo miúdo), de opinións empresariais e as enquisas de investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación (I+D+I).

Despois abordaremos o estudo do sector público empresarial en Galicia, analizando a súa relevancia en emprego e investimentos. Por último, referirémonos á política industrial en Galicia, contemplada desde unha triple perspectiva: da Unión Europea, da Administración Central e da Administración Autonómica.

## 2.2. Estrutura e dinámica empresarial galega

Neste apartado achegarémonos á estrutura e á evolución do tecido produtivo galego co estudo das empresas galegas segundo o número de traballadores, os sectores de actividade ou a condición xurídica, de acordo coa información subministrada ***polo Directorio central de empresas*** (DIRCE) do INE. Esta información combina, na elaboración das estatísticas de empresas, os datos da Seguridade Social cos procedentes das retencións do IRPF, o imposto de actividades económicas e os de Rexistro Mercantil, someténdoos a un itinerario de tratamentos de depuración, harmonización e integración co obxecto de obter maior fiabilidade. Os datos refírense á situación a día 1 de xaneiro de cada ano e non inclúen as empresas dos sectores agrario e pesqueiro nin os servizos administrativos das administracións públicas (anque si as empresas públicas).

**Cadro 2.1** — **Empresas activas, por sector económico e comunidade autónoma. 2004**

| | | Sector económico | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Industria | Construción | Comercio | Resto de servizos |
| Cataluña | 543.719 | 54.054 | 74.377 | 141.734 | 273.554 |
| Andalucía | 441.623 | 32.544 | 47.355 | 143.271 | 218.453 |
| Madrid | 436.074 | 27.673 | 52.455 | 101.705 | 254.241 |
| C. Valenciana | 315.214 | 31.285 | 40.905 | 91.654 | 151.370 |
| **Galicia** | **180.977** | **15.000** | **25.360** | **54.852** | **85.765** |
| País Vasco | 155.666 | 15.077 | 22.675 | 39.629 | 78.285 |
| Cast. e León | 155.004 | 12.942 | 24.600 | 45.094 | 72.368 |
| Canarias | 120.294 | 6.280 | 14.091 | 35.694 | 64.229 |
| Cast. A Mancha | 113.967 | 13.154 | 19.837 | 34.329 | 46.647 |
| Aragón | 85.814 | 8.180 | 13.143 | 22.978 | 41.513 |
| Baleares | 85.425 | 5.525 | 13.756 | 21.664 | 44.480 |
| Murcia | 82.484 | 7.741 | 11.890 | 25.216 | 37.637 |
| Asturias | 67.039 | 4.426 | 8.754 | 19.030 | 34.829 |
| Estremadura | 55.568 | 4.849 | 7.576 | 19.263 | 23.880 |
| Navarra | 39.679 | 4.096 | 6.035 | 10.333 | 19.215 |
| Cantabria | 35.649 | 2.391 | 5.150 | 9.666 | 18.442 |
| A Rioxa | 21.049 | 2.894 | 2.991 | 6.023 | 9.141 |
| Ceuta e Melilla | 7.338 | 178 | 537 | 3.368 | 3.255 |
| **España** | **2.942.583** | **248.289** | **391.487** | **825.503** | **1.477.304** |

Fonte: INE, DIRCE

O cadro 2.1 recolle a distribución por sectores económicos e comunidades autónomas das empresas que figuran no DIRCE ao comezo do ano 2004. Sobrancearemos os seguintes aspectos:

- O crecemento no número de empresas no último ano foi no total español do 4,6%, por riba do incremento de Galicia (4%).

- Cataluña é a que maior número de empresas acolle, atendendo ao emprazamento da súa sede central, cun 18,5% do total español; o segundo lugar ocúpao Andalucía (15%) e o terceiro Madrid (14,8%). Entre estas tres comunidades concentran case a metade (un 48,3%) do total de empresas de España, tres décimas máis que no ano anterior.

▌Galicia segue a ser a quinta comunidade por número de empresas, cun peso relativo no total español do 6,15% (porcentaxe semellante á do ano anterior e pouco menor que a da poboación galega no Estado en 2004: 6,37%).

▌Ao redor da metade das empresas (47,4% en Galicia e 50,2% no total estatal) pertencen ao sector "resto de servizos", no que figuran as empresas do sector de servizos diferentes das comerciais. Case a terceira parte do total das empresas son comerciais (30,3% en Galicia e 28,4% no total estatal). Conxuntamente, as empresas do sector servizos supoñen máis de tres de cada catro empresas que figuran no DIRCE, tanto en Galicia (77,7%) como en España (78,6%).

A análise comparativa da distribución sectorial de empresas en Galicia e España do cadro 2.2 e a evolución do último cuadrienio no cadro 2.3, permite ás persoas interesadas o estudo máis polo miúdo.

**Distribución das empresas. Por sectores económicos (1). Galicia/ España. 2003-2004**

■ **Cadro 2.2**

| Sector | 2003 | | 2004 | |
|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España |
| Industria | 8,6 | 8,8 | 8,3 | 8,4 |
| Construción | 13,8 | 12,8 | 14,0 | 13,3 |
| Comercio | 30,9 | 28,7 | 30,3 | 28,1 |
| Resto de servizos | 46,7 | 49,7 | 47,4 | 50,2 |

Elaboración propia
(1) En porcentaxe de cada sector sobre o total de empresas
Fonte: INE, DIRCE

**Evolución das empresas, por sector económico.**
**Galicia e España. 2001-2004**

■ **Cadro 2.3**

| | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | **167.732** | **165.726** | **174.077** | **180.977** |
| España | 2.645.317 | 2.710.400 | 2.813.159 | 2.942.583 |

Elaboración propia
Fonte: INE, DIRCE

No cadro 2.4. presentamos a evolución das empresas en Galicia –con desglose provincial– e máis no estado desde 1995. Galicia ten a primeiros do ano 2004 un 6,2% do total estatal de empresas que figuran no DIRCE, porcentaxe igual á do ano anterior. A provincia da Coruña concentra agora un 41,3% das empresas galegas e a de Pontevedra o 33,8% polo que tres de cada catro empresas galegas pertencen a unha desas provincias.

No último ano aumentou o número de empresas nas catro provincias de Galicia, e fíxoo con especial intensidade nas de Pontevedra (5,5%) e A Coruña (4,3%) mentres que foron menores as subas de Ourense (2,6%) e, moi especialmente, de Lugo ( 0,4%).

A distribución nas provincias galegas –e nos totais galego e español– do número de empresas segundo a condición xurídica no último cuadrienio pódese ver no cadro 2.5, que reflite que:

■ **Cadro 2.4** **Distribución das empresas. Por provincias. Galicia/España. 1995-2004**

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | España | % G/E |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1995 | 61.647 | 19.678 | 19.085 | 46.980 | **147.390** | 2.301.559 | 6,4 |
| 1996 | 63.865 | 20.254 | 19.779 | 48.597 | **152.495** | 2.384.711 | 6,4 |
| 1997 | 64.946 | 20.545 | 20.076 | 49.494 | **155.061** | 2.438.830 | 6,4 |
| 1998 | 66.313 | 20.945 | 20.370 | 50.955 | **158.583** | 2.474.690 | 6,4 |
| 1999 | 63.167 | 21.267 | 20.598 | 52.013 | **157.045** | 2.518.801 | 6,2 |
| 2000 | 69.381 | 21.825 | 20.959 | 53.907 | **166.072** | 2.595.392 | 6,4 |
| 2001 | 70.021 | 21.865 | 21.136 | 54.710 | **167.732** | 2.645.317 | 6,3 |
| 2002 | 66.276 | 21.942 | 21.215 | 56.293 | **165.726** | 2.710.400 | 6,1 |
| 2003 | 71.748 | 22.396 | 21.560 | 58.373 | **174.077** | 2.813.159 | 6,2 |
| **2004** | **74.809** | **22.479** | **22.118** | **61.571** | **180.977** | **2.942.583** | **6,2** |

Elaboración propia
Fonte: INE, DIRCE

■ **Cadro 2.5** **Empresas segundo condición xurídica, por provincias. Galicia. 2001-2004**

| | | Total empresas | Persoas físicas | Sociedades anónimas | Sociedades de respons. limitada | Sociedades colectivas | Sociedades comanditarias | Comunidades de bens | Sociedades cooperativas | Asociacións e outros tipos | Organismos autónomos e outros |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A Coruña | 2001 | 70.021 | 47.115 | 1.817 | 15.861 | 10 | 1 | 841 | 421 | 3.849 | 106 |
| | 2002 | 66.276 | 43.244 | 1.757 | 16.195 | 7 | 1 | 813 | 403 | 3.771 | 85 |
| | 2003 | 71.748 | 46.366 | 1.765 | 17.787 | 8 | 1 | 822 | 420 | 4.430 | 149 |
| | **2004** | **74.809** | **47.613** | **1.739** | **19.160** | **8** | **1** | **866** | **404** | **4.865** | **153** |
| Lugo | 2001 | 21.865 | 15.710 | 314 | 4.347 | 0 | 0 | 1.140 | 179 | 143 | 32 |
| | 2002 | 21.942 | 15.559 | 300 | 4.548 | 0 | 0 | 1.175 | 179 | 149 | 32 |
| | 2003 | 22.396 | 15.639 | 293 | 4.817 | 0 | 0 | 1.222 | 180 | 191 | 54 |
| | **2004** | **22.479** | **15.333** | **305** | **5.065** | **0** | **0** | **1.305** | **170** | **244** | **57** |
| Ourense | 2001 | 21.136 | 14.815 | 498 | 4.564 | 1 | 0 | 241 | 148 | 832 | 37 |
| | 2002 | 21.215 | 14.655 | 485 | 4.784 | 1 | 0 | 254 | 143 | 856 | 37 |
| | 2003 | 21.560 | 14.708 | 483 | 5.013 | 1 | 0 | 244 | 152 | 907 | 52 |
| | **2004** | **22.118** | **14.821** | **479** | **5.341** | **2** | **0** | **274** | **141** | **1.010** | **50** |
| Pontevedra | 2001 | 54.710 | 34.160 | 1.506 | 15.803 | 3 | 0 | 1.900 | 248 | 1.020 | 70 |
| | 2002 | 56.293 | 34.573 | 1.507 | 16.750 | 3 | 0 | 1.982 | 281 | 1.127 | 70 |
| | 2003 | 58.373 | 35.107 | 1.524 | 17.987 | 3 | 0 | 2.086 | 294 | 1.260 | 112 |
| | **2004** | **61.571** | **36.272** | **1.539** | **19.508** | **3** | **0** | **2.399** | **293** | **1.445** | **112** |
| **Galicia** | 2001 | 167.732 | 111.800 | 4.135 | 40.575 | 14 | 1 | 4.122 | 996 | 5.844 | 245 |
| | 2002 | 165.726 | 108.031 | 4.049 | 42.277 | 11 | 1 | 4.224 | 1.006 | 5.903 | 224 |
| | 2003 | 174.077 | 111.820 | 4.065 | 45.604 | 12 | 1 | 4.374 | 1.046 | 6.788 | 367 |
| | **2004** | **180.977** | **114.039** | **4.062** | **49.074** | **13** | **1** | **4.844** | **1.008** | **7.564** | **372** |
| España | 2001 | 2.595.392 | 1.662.679 | 131.079 | 612.374 | 548 | 127 | 73.511 | 23.456 | 86.070 | 5.548 |
| | 2002 | 2.645.317 | 1.651.265 | 129.349 | 667.441 | 503 | 127 | 75.503 | 24.210 | 91.386 | 5.533 |
| | 2003 | 2.710.400 | 1.662.183 | 126.529 | 716.542 | 471 | 117 | 76.631 | 24.867 | 97.501 | 5.559 |
| | **2004** | **2.942.583** | **1.738.456** | **122.579** | **839.958** | **456** | **114** | **88.737** | **25.557** | **118.413** | **8.313** |

Elaboración propia
Fonte: INE, DIRCE

▌En Galicia o maior aumento absoluto no último ano foi o das sociedades de responsabilidade limitada (3.470), seguidas das empresas propiedade de persoas físicas (2.219); porcentualmente, a suba das primeiras (7,6%) case cuadriplicou á das segundas (2%).

▌No último ano diminuíu o número de empresas de dúas formas xurídicas en Galicia: as sociedades anónimas e as cooperativas.

▌Se da evolución pasamos á "foto fixa", no último ano a empresa propiedade dunha persoa física segue a ser a fórmula maioritaria de case dúas de cada tres empresas

de Galicia (63%), aínda que segue a perder forza (1,3 puntos agora). A segunda é a sociedade de responsabilidade limitada (27,1%), que un ano máis sube a súa porcentaxe (neste caso en nove décimas).

**■ Cadro 2.6** **Empresas, por estrato de asalariados e provincias. Galicia/España. 2001-2004**

| | | Sen asalariados | de 1 a 2 asalariados | de 3 a 5 asalariados | de 6 a 9 asalariados | de 10 a 19 asalariados | de 20 a 49 asalariados | de 50 a 99 asalariados | de 100 a 199 asalariados | de 200 a 499 asalariados | de 500 a 999 asalariados | de 1.000 a 4.999 asalariados | de 5.000 ou máis asalariados |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A Coruña | 2001 | 38.084 | 18.807 | 6.606 | 2.966 | 1.982 | 1.116 | 252 | 129 | 58 | 15 | 5 | 1 |
| | 2002 | 34.388 | 18.542 | 6.728 | 2.976 | 2.031 | 1.134 | 258 | 135 | 55 | 16 | 11 | 2 |
| | 2003 | 37.609 | 20.205 | 7.152 | 3.042 | 2.097 | 1.137 | 284 | 120 | 70 | 15 | 16 | 1 |
| | **2004** | **38.746** | **21.431** | **7.550** | **3.197** | **2.202** | **1.180** | **281** | **128** | **60** | **16** | **17** | **1** |
| Lugo | 2001 | 11.293 | 6.712 | 2.219 | 861 | 498 | 222 | 38 | 18 | 3 | 1 | 0 | 0 |
| | 2002 | 11.094 | 6.842 | 2.285 | 890 | 514 | 252 | 39 | 19 | 6 | 1 | 0 | 0 |
| | 2003 | 11.159 | 7.178 | 2.290 | 923 | 528 | 251 | 37 | 20 | 8 | 1 | 1 | 0 |
| | **2004** | **10.914** | **7.384** | **2.357** | **962** | **522** | **261** | **42** | **24** | **7** | **5** | **1** | **0** |
| Ourense | 2001 | 11.528 | 6.001 | 1.934 | 844 | 502 | 229 | 64 | 17 | 11 | 5 | 1 | 0 |
| | 2002 | 11.377 | 6.141 | 1.967 | 881 | 507 | 242 | 63 | 22 | 9 | 5 | 1 | 0 |
| | 2003 | 11.356 | 6.368 | 2.096 | 870 | 523 | 246 | 63 | 21 | 10 | 6 | 1 | 0 |
| | **2004** | **11.432** | **6.707** | **2.224** | **863** | **532** | **257** | **63** | **23** | **10** | **5** | **2** | **0** |
| Pontevedra | 2001 | 26.789 | 15.967 | 5.981 | 2.759 | 1.800 | 1.019 | 240 | 90 | 50 | 7 | 7 | 1 |
| | 2002 | 27.137 | 16.681 | 6.297 | 2.848 | 1.837 | 1.083 | 247 | 93 | 56 | 7 | 6 | 1 |
| | 2003 | 27.598 | 17.891 | 6.467 | 2.944 | 1.951 | 1.088 | 256 | 104 | 54 | 10 | 9 | 1 |
| | **2004** | **28.339** | **19.279** | **7.179** | **3.154** | **2.063** | **1.113** | **257** | **112** | **55** | **10** | **9** | **1** |
| Galicia | 2001 | 87.694 | 47.487 | 16.740 | 7.430 | 4.782 | 2.586 | 594 | 254 | 122 | 28 | 13 | 2 |
| | 2002 | 83.996 | 48.206 | 17.277 | 7.595 | 4.889 | 2.711 | 607 | 269 | 126 | 29 | 18 | 3 |
| | 2003 | 87.722 | 51.642 | 18.005 | 7.779 | 5.099 | 2.722 | 640 | 265 | 142 | 32 | 27 | 2 |
| | **2004** | **89.431** | **54.801** | **19.310** | **8.176** | **5.319** | **2.811** | **643** | **287** | **132** | **36** | **29** | **2** |
| España | 2001 | 1.408.792 | 692.964 | 259.764 | 126.050 | 86.308 | 48.205 | 12.953 | 5.867 | 3.180 | 744 | 418 | 72 |
| | 2002 | 1.425.332 | 716.914 | 271.764 | 131.666 | 89.840 | 50.595 | 13.468 | 6.190 | 3.276 | 815 | 466 | 74 |
| | 2003 | 1.459.938 | 760.515 | 285.651 | 136.679 | 93.823 | 51.619 | 13.486 | 6.402 | 3.540 | 878 | 550 | 78 |
| | **2004** | **1.500.396** | **818.149** | **303.783** | **143.417** | **98.245** | **53.267** | **13.470** | **6.650** | **3.590** | **945** | **592** | **79** |

Elaboración propia
Fonte: INE, DIRCE

No cadro 2.6 ofrecemos a distribución das empresas por estrato de asalariados nas provincias galegas –e nos totais galego e máis estatal– no último cuadrienio. O predominio no tecido produtivo das pequenas empresas e das microempresas queda ben claro á vista de que:

- Ao redor da metade das empresas galegas (49,4%) non teñen asalariados (51% en España) e un 61,3% das que teñen algún non pasan de dous empregados (56,7% en España, 4,6 puntos menos que en Galicia).
- As empresas que empregan a 20 ou máis traballadores en Galicia (3.940) supoñen un 2,2% do total de empresas galegas e as de España (78.593) son un 2,7%. Se o cálculo o facemos sobre as empresas que teñen algunha persoa asalariada, as porcentaxes de Galicia e España son respectivamente dun 4,3% e un 5,5%.

O cadro 2.7 explicita a porcentaxe de empresas que teñen asalariados en Galicia e no Estado desde 1995. Subliñaremos que:

- A porcentaxe de Galicia en 2004 supera nun punto á do ano anterior e sitúase (despois da continua suba desde 1996) no maior valor da última década.
- A porcentaxe de Galicia estivo sempre por riba da estatal desde 1998; no último ano, o diferencial é de 1,6 puntos (unha décima máis que no anterior).

O número de empresas de cada un dos estratos de asalariados en Galicia e España figura no cadro 2.8. Na comparanza das porcentaxes Galicia–España apréciase que a

## Cadro 2.7

### Porcentaxe de empresas que teñen asalariados. Galicia/España. 1995-2004

| | Galicia | España |
|---|---|---|
| 1995 | **41,0** | 42,4 |
| 1996 | **41,6** | 42,5 |
| 1997 | **43,3** | 43,3 |
| 1998 | **44,4** | 43,8 |
| 1999 | **46,0** | 44,9 |
| 2000 | **46,1** | 45,4 |
| 2001 | **47,7** | 46,7 |
| 2002 | **49,3** | 47,4 |
| 2003 | **49,6** | 48,1 |
| **2004** | **50,6** | **49,0** |

Elaboración propia
Fonte: INE, DIRCE




## Cadro 2.8

### Número de empresas, por estrato de asalariados. Galicia/España. 2004

| | Total empresas | Sen asalariados | de 1 a 2 asalariados | de 3 a 5 asalariados | de 6 a 9 asalariados | de 10 a 19 asalariados | de 20 a 49 asalariados | de 50 a 99 asalariados | de 100 a 199 asalariados | de 200 a 499 asalariados | de 500 a 999 asalariados | de 1.000 a 4.999 asalariados | de 5.000 ou máis asalariados |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | **180.977** | **89.431** | **54.801** | **19.310** | **8.176** | **5.319** | **2.811** | **643** | **287** | **132** | **36** | **29** | **2** |
| España | 2.942.583 | 1.500.396 | 818.149 | 303.783 | 143.417 | 98.245 | 53.267 | 13.470 | 6.650 | 3.590 | 945 | 592 | 79 |
| % Galicia/ España | 6,2 | 6,0 | 6,7 | 6,4 | 5,7 | 5,4 | 5,3 | 4,8 | 4,3 | 3,7 | 3,8 | 4,9 | 2,5 |

Fonte: INE, DIRCE

## Cadro 2.9

### Porcentaxe de empresas. Por estrato de asalariados [1]. Galicia/España. 2000-2004

| | Galicia | | | | | | España | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1-2 | 3-5 | 6-9 | 10-19 | 20-49 | 50 ou máis | 1-2 | 3-5 | 6-9 | 10-19 | 20-49 | 50 ou máis |
| 2000 | 59,5 | 21,1 | 8,7 | 6,1 | 3,4 | 1,2 | 56,6 | 20,9 | 9,2 | 7,2 | 4,2 | 1,9 |
| 2001 | 59,3 | 20,9 | 9,3 | 6,0 | 3,2 | 1,3 | 56,0 | 21,0 | 10,2 | 7,0 | 3,9 | 1,9 |
| 2002 | 59,0 | 21,1 | 9,3 | 6,0 | 3,3 | 1,3 | 55,8 | 21,1 | 10,2 | 7,0 | 3,9 | 1,7 |
| 2003 | 59,8 | 20,8 | 9,0 | 5,9 | 3,2 | 1,3 | 56,2 | 21,1 | 10,1 | 6,9 | 3,8 | 1,9 |
| **2004** | **59,9** | **21,1** | **8,9** | **5,8** | **3,1** | **1,2** | **56,7** | **21,1** | **9,9** | **6,8** | **3,7** | **1,8** |

Elaboración propia, a partir dos datos do DIRCE
(1) Calculado sobre o total de empresas que teñen algún asalariado

Porcentaxe de empresas por estrato de asalariados en 2004. Galicia




participación relativa de Galicia no total español só é maior que a correspondente á nosa poboación (6,37%) nos tramos de menos asalariados (1–2 e 3–5) mentres que son especialmente pequenas no estrato de máis asalariados e nos situados entre 100 e 1000 persoas empregadas.

Unha información máis polo miúdo das empresas con asalariados é a que figura no cadro 2.9, que recolle a porcentaxe de empresas por estrato de asalariados en Galicia e no Estado no último quinquenio. Compróbase que en 2004 só no primeiro estrato –de un a dous asalariados– as empresas galegas superan en porcentaxe ás do total do estado, é igual no segundo e vaise abrindo a diferenza (en termos relativos) a prol de España nos catro estratos seguintes a medida que vai subindo o tamaño do cadro de persoal.

A información do tecido produtivo galego baseada no DIRCE complementámola, no ***Informe Sociolaboral*** anterior, coa subministrada polo Instituto Galego de Estatística no ***Directorio de empresas e unidades locais;*** unha das posibilidades que ofrece é a de realizar unha análise desagregada por comarcas e mesmo por concellos da evolución anual das empresas con actividade en Galicia. No momento de peche da elaboración deste capítulo (primeira semana de xullo) o IGE non deu a coñecer aínda os datos dos anos 2003 nin 2004, polo que non podemos botar man dunha fonte estatística moi útil para a análise do noso sector empresarial.

## 2.3. Situación económico–financeira das empresas galegas

Neste epígrafe achegarémonos á situación económico–financeira galega a partir dos datos extraídos da ***Central de Balances de Galicia*** ao traveso do ***Informe trimestral económico–financeiro da empresa galega***, no que o IGE proporciona –entre outras cousas– información cuantitativa sobre a evolución a curto prazo das principais características produtivas (en termos da conta de perdas e ganancias) das empresas galegas.

A ***Central de Balances de Galicia*** é un sistema de información de base empresarial que xestiona unha mostra do tecido produtivo galego, das que obtén o ***Balance*** e máis a ***Conta de Resultados*** tal como foron depositadas ao entregar as ***Contas Anuais*** nos Rexistros Mercantís da nosa comunidade autónoma. É un instrumento importante para o estudo da andaina das empresas que presentan as ***súas contas anuais*** en Galicia, e complementa a información de base rexistral coa aportada voluntariamente por empresas e coa doutras fontes (como as empresas certificadoras de calidade).

O *Informe anual económico–financeiro da empresa galega 2004* do IGE recolle datos ate o ano 2002, cunha análise de 23.608 empresas no último ano e unha importante desagregación (por provincias, comarcas e concellos); para poder presentar datos máis actualizados acudimos a outro estudo da Central de Balances de Galicia (o *Informe Trimestral económico–financeiro*). As empresas que subministran datos para o *Informe trimestral* selecciónanse entre as que integran a Central de balances anual de Galicia; son só unha parte das que depositan as súas contas nos Rexistros Mercantís e quedan fóra do ámbito de análise as divisións da CNAE–93 correspondentes aos sectores financeiro, público, fogares e organismos extraterritoriais. Do panel de empresas que forman a mostra, ofrécense datos referentes á súa actividade, investimento, financiamento, emprego, produtividade e rendibilidade.

**Evolución e estrutura da conta de explotacions (1). Galicia. 2003-2004**

**Cadro 2.10**

| | Anos | |
|---|---|---|
| | 2003 | 2004 |
| Ingresos de explotación (+) | 15.077,48 | 16.477,58 |
| Consumos de explotación (-) | 11.366,38 | 12.540,95 |
| VEB c.f. (=) | 3.711,11 | 3.936,63 |
| Gastos de persoal (-) | 1.852,99 | 1.830,30 |
| Soldos, salarios e asimilados | 1.411,27 | 1.392,12 |
| Cargas sociais | 441,72 | 438,18 |
| Rdo. Econ. Bruto de explotación (=) | 1.858,12 | 2.106,33 |
| Rdo. Neto do exercicio | 527,49 | 719,57 |
| Total persoal | 72.767,00 | 70.719,00 |
| Recursos propios | 5.278,00 | 5.451,00 |
| Recursos alleos | 10.033,00 | 9.756,00 |

(1) datos do 4º trimestre de cada ano da mostra formada por 264 empresas
Datos en millóns de euros (agás os de persoal)
Fonte: IGE, Central de Balances: "Informe trimestral económico-financeiro da empresa galega"

No cadro 1.10 recollemos a evolución e a estrutura da conta de explotación da mostra de empresas no último bienio. Salientaremos que no ano 2004:

- Os ingresos de explotación creceron un 9,3% e os consumos de explotación un 11%.
- O valor engadido bruto ao custo dos factores subiu un 6,1%.
- Os gastos de persoal reducíronse nun 1,3% (e o número de traballadores nun 2,8%).
- Houbo unha redución dos recursos alleos e unha suba dos recursos propios.
- O beneficio bruto de explotación subiu un 13,3% e o beneficio neto do exercicio un 36,4%.

O forte crecemento dos beneficios empresariais de 2004 (mentres baixan os custos salariais) ven sumarse á do ano anterior, certificado por fontes que toman para o estudo un panel de empresas maior; así, o *Informe ARDÁN*, no seu estudo das 10.000 maiores sociedades que presentan as contas nos rexistros mercantís de Galicia, estimou que o beneficio neto subiu nun 32,6% en 2003 (moi por riba do aumento da facturación anual: 7,6%).

# 2.4. Análise de enquisas industriais

Neste epígrafe referirémonos aos últimos datos que sobre o noso sector industrial figuran en tres enquisas industriais (de empresas e de produtos) que realiza o INE para coñecer mellor o tecido industrial no estado e nas distintas comunidades autónomas.

## 2.4.1. Enquisa industrial de empresas

A *Enquisa Industrial de Empresas* proporciona unha información interesante para o estudo das características dos distintos sectores da actividade industrial –nos niveis estatal e autonómico– e intégrase no proxecto europeo de estatísticas estructurais das empresas. Os últimos datos proporcionados corresponden ao ano 2003.

**Cadro 2.11** Cifra de negocios (1) por comunidades autónomas. 2002-2003

| | Cifra de negocios en 2003 (1) | % sobre o total | Cifra de negocios en 2002 (1) | Variación 2003/2002 |
|---|---|---|---|---|
| Andalucía | 42.636.834 | 9,3 | 40.495.767 | 5,3 |
| Aragón | 21.544.003 | 4,7 | 20.003.092 | 7,7 |
| Asturias | 10.637.403 | 2,3 | 10.659.447 | -0,2 |
| Baleares | 3.256.378 | 0,7 | 3.332.020 | -2,3 |
| Canarias | 6.568.253 | 1,4 | 6.206.372 | 5,8 |
| Cantabria | 6.206.698 | 1,3 | 6.061.772 | 2,4 |
| Castela e León | 28.347.889 | 6,2 | 26.692.751 | 6,2 |
| Castela A Mancha | 18.140.168 | 3,9 | 17.850.418 | 1,6 |
| Cataluña | 115.706.787 | 25,1 | 112.534.052 | 2,8 |
| C. Valenciana | 50.467.428 | 11,0 | 49.542.762 | 1,9 |
| Estremadura | 3.884.170 | 0,8 | 3.725.238 | 4,3 |
| **Galicia** | **28.021.097** | **6,1** | **27.661.308** | **1,3** |
| Madrid | 52.869.206 | 11,5 | 52.826.851 | 0,1 |
| Murcia | 11.224.899 | 2,4 | 10.692.963 | 5,0 |
| Navarra | 14.222.206 | 3,1 | 13.849.114 | 2,7 |
| País Vasco | 42.169.586 | 9,2 | 40.739.171 | 3,5 |
| A Rioxa | 4.347.039 | 0,9 | 4.360.964 | -0,3 |
| **España** | **460.250.044** | **100** | **447.234.061** | **2,9** |

(1) En miles de euros
Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas

**Cadro 2.12** Evolución do peso de Galicia no total estatal nas principais variables da industria (1). 1995-2003

| | Persoas ocupadas | Horas traballadas | Cifra de negocios |
|---|---|---|---|
| 1995 | 5,6 | 5,6 | 5,6 |
| 1996 | 5,6 | 5,6 | 5,5 |
| 1997 | 5,8 | 5,7 | 5,5 |
| 1998 | 6,1 | 6,1 | 5,7 |
| 1999 | 5,8 | 5,9 | 6,1 |
| 2000 | 5,8 | 6,1 | 6,3 |
| 2001 | 6,0 | 6,1 | 5,8 |
| 2002 | 6,2 | 6,3 | 6,2 |
| **2003** | **6,2** | **6,2** | **6,1** |

Elaboración propia
(1) Datos en porcentaxe de Galicia sobre o total de España
Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas

■ **Cadro 2.13** **Principais variables económicas da industria galega, por agrupacións de actividade. 2003**

| Agrupación | Importe neto da cifra de negocios | Variación existencias de produtos | Gastos persoal | Total gastos explotación |
|---|---|---|---|---|
| 1 CNAE: 10, 11, 12, 13, 14, 23. Industrias extractivas e do petróleo, enerxía e auga | 4.348.313 | -47 | 338.964 | 3.701.765 |
| 2 CNAE: 15, 16. Alimentación, bebidas e tabaco | 5.432.876 | 13.548 | 508.838 | 5.260.783 |
| 3 CNAE: 17, 18, 19. Industria téxtil, confección, coiro e calzado | 1.471.359 | 95 | 296.240 | 1.373.048 |
| 4 CNAE: 20. Madeira e cortiza | 1.652.095 | 7.348 | 213.209 | 1.615.450 |
| 5 CNAE: 21, 22. Papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados | 770.167 | 2.272 | 160.840 | 725.881 |
| 6 CNAE: 24. Industria química | 1.058.439 | 10.876 | 94.173 | 991.818 |
| 7 CNAE: 25. Caucho e materias plásticas | 656.863 | 1.331 | 106.713 | 609.805 |
| 8 CNAE: 26. Produtos minerais non metálicos diversos | 1.368.410 | 9.700 | 274.549 | 1.318.354 |
| 9 CNAE: 27, 28. Metalurxia e fabricación de produtos metálicos | 3.057.426 | 8.711 | 556.218 | 2.869.966 |
| 10 CNAE: 29. Maquinaria e equipo mecánico | 762.613 | 3.971 | 189.701 | 739.929 |
| 11 CNAE: 30, 31, 32, 33. Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico | 488.567 | 9.159 | 92.083 | 460.274 |
| 12 CNAE: 34, 35. Material de transporte | 6.629.820 | -8.133 | 818.620 | 6.676.098 |
| 13 CNAE: 36, 37. Industrias manufactureiras diversas | 324.148 | 2.734 | 102.547 | 315.856 |
| **Total Industria** | **28.021.096** | **61.565** | **3.752.695** | **26.659.027** |

Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas

No cadro 2.11 presentamos a cifra de negocios de cada comunidade autónoma e máis a participación de cada comunidade na cifra de negocios estatal no último bienio; sobrancearemos o seguinte no último ano:

- Cataluña, Madrid e C.Valenciana concentran case a metade (un 47,6%) do total da industria española.

- Galicia ocupa a sexta posición, tras as tres comunidades citadas máis Andalucía e País Vasco.

- O crecemento galego (1,3%) non chegou á metade do estatal (2,9%). Destacaron pola súa suba Aragón e Castela–León mentres que descendeu a cifra de negocios en tres comunidades: Baleares, A Rioxa e Asturias.

Nas tres variables analizadas no cadro 2.12 o peso relativo de Galicia no total estatal en 2003 estivo no pequeno intervalo do 6,1% ao 6,2, nivel coincidente coa porcentaxe das empresas galegas en España (6,15%). Nunha visión dinámica da participación de Galicia no total estatal nesas tres variables da industria subliñaremos os seguintes aspectos:

- No último ano mantívose a importancia relativa de Galicia no conxunto estatal nas persoas ocupadas e baixou unha décima nas horas traballadas e na cifra de negocios.

- Na análise comparativa dos datos de 1995 e 2003, reflítese un aumento da participación galega no total español nas tres variables (entre cinco e seis décimas cada unha).

No cadro 2.13 presentamos a desagregación por agrupacións de actividade dos datos de catro variables da industria galega (para permitir a quen o desexe afondar no estudo da nosa estrutura industrial). Subliñaremos tan só que polo importe neto da cifra de negocios sobrancean tres apartados: ***material de transporte, alimentación, bebidas–tabaco*** e ***industrias extractivas e do petróleo–enerxía–auga***.

## 2.4.2. Enquisa industrial de produtos

A ***Enquisa Industrial de Produtos***, pola súa banda, proporciona datos desde 1993, ano no que comeza España o proceso de adaptación ao Regulamento PRODCOM (PRODucción COMunitaria) relativo á harmonización das estatísticas sobre a produción industrial nos países da UE; inclúe unha lista de produtos industriais de xeito harmonizado coa clasificación que se fai a efectos de comercio exterior na UE (para facilitar a comparación de datos de produción industrial cos obtidos nas estatísticas de comercio exterior).

O cadro 2.14 recolle o valor das vendas de produtos industriais das distintas comunidades autónomas en 2004. Sobrancearemos:

- A concentración xeográfica en catro comunidades (Cataluña, C.Valenciana, País Vasco e Andalucía) que axuntan un 55,4% do importe das vendas industriais no estado.
- Galicia ocupa a sétima posición (despois das catro comunidades citadas e máis Madrid e Castela–León).
- As maiores subas presentáronas en 2004 Castela–A Mancha, Andalucía e Murcia mentres que as menores foron as de Madrid, Baleares e A Rioxa.

A visión dinámica a longo prazo da participación galega nas vendas de produtos industriais no conxunto do estado figura no cadro 2.15; despois da suba continuada do trienio 1998–2000 (a un ritmo de tres décimas por ano), bienio 2001–2002 (dúas décimas por ano) e ano 2003 (unha décima), en 2004 descendeu por primeira vez desde 1997 (anque só unha décima) a porcentaxe de Galicia.

No cadro 2.16 presentamos a desagregación por grandes agrupacións do valor da produción industrial galega. Constátase que dúas agrupacións (***material de transporte*** e mais***: alimentación–bebidas–tabaco***) concentran en 2004 case a metade (46,2%) do valor total. A primeira delas diminuíu significativamente no último cuadrienio (en 6,2 puntos) mentres que a segunda está estabilizada (subiu dúas décimas nese período).

**Cadro 2.14**

**Evolución da cifra de vendas. Por comunidade autónoma. 2004**

| | Millóns de euros | % respecto ao total | %variación 2004/2003 |
|---|---|---|---|
| Castela A Mancha | 14.854 | 4,2 | 15,1 |
| Andalucía | 34.959 | 9,9 | 13,6 |
| Murcia | 8.823 | 2,5 | 13,5 |
| País Vasco | 35.177 | 9,9 | 13,2 |
| Asturias | 8.253 | 2,3 | 11,1 |
| Navarra | 13.010 | 3,7 | 9,3 |
| Cantabria | 4.838 | 1,4 | 8,5 |
| Castela e León | 25.029 | 7,1 | 8,2 |
| Aragón | 16.677 | 4,7 | 7,1 |
| **Galicia** | **23.157** | **6,5** | **6,0** |
| Canarias | 4.543 | 1,3 | 5,3 |
| Comunidade Valenciana | 38.718 | 11,0 | 5,2 |
| Estremadura | 2.942 | 0,8 | 5,1 |
| Cataluña | 86.905 | 24,6 | 4,6 |
| A Rioxa | 3.919 | 1,1 | 2,9 |
| Baleares | 1.720 | 0,5 | 2,2 |
| Madrid | 30.072 | 8,5 | 2,1 |

Fonte: INE, Enquisa industrial anual de produtos

■ Cadro 2.15

Evolución do peso de Galicia no total estatal da produción comercializada (1). 1995-2004

| | % Galicia / España |
|---|---|
| 1995 | 5,2 |
| 1996 | 5,3 |
| 1997 | 5,2 |
| 1998 | 5,5 |
| 1999 | 5,8 |
| 2000 | 6,1 |
| 2001 | 6,3 |
| 2002 | 6,5 |
| 2003 | 6,6 |
| **2004** | **6,5** |

Elaboración propia
(1) Lista de produtos PRODCOM
Fonte: INE, Enquisa industrial de produtos

■ Cadro 2.16

Valor da produción comercializada (1). Por grandes agrupacións. Galicia. 2004

| CNAE | | Miles euros | % |
|---|---|---|---|
| 15-16 | Alimentación, bebidas e tabaco | 4.422.645 | **19,1** |
| 17-18 | Téxtil e confección | 1.133.847 | 4,9 |
| 19 | Coiro e calzado | 35.823 | 0,2 |
| 20 | Madeira e cortiza | 1.006.908 | 4,3 |
| 21-22 | Papel, artes gráficas e edición | 569.687 | 2,5 |
| 23-24 | Coquerías, refino de petróleo e químicas | 2.065.187 | **8,9** |
| 25 | Manufacturas de caucho e plástico | 710.880 | 3,1 |
| 26 | Produtos minerais non metálicos | 1.062.548 | 4,6 |
| 27 | Produción, 1ª transformación e fundición de metais | 1.620.321 | 7,0 |
| 28 | Produtos metálicos | 1.437.643 | 6,2 |
| 29-30-33 | Maquinaria e equipo, óptica e similares | 608.053 | 2,6 |
| 31-32 | Material eléctrico e electrónico | 900.641 | 3,9 |
| 34-35 | Material de transporte | 6.269.270 | **27,1** |
| 36 | Outras industrias manufactureiras | 307.125 | 1,3 |
| 40 | Enerxía eléctrica, gas e vapor | 1.006.547 | 4,3 |
| | **Total Galicia** | **23.157.125** | **100,0** |

Fonte: INE, Enquisa industrial anual de produtos

As agrupacións de menor peso no tecido industrial galego son: ***coiro–calzado, outras industrias manufactureiras***, ***papel–artes gráficas–edición*** e ***maquinaria–óptica*** (todas elas por baixo do 3%).

A comparanza da especialización relativa de Galicia e de España nos diferentes subsectores industriais no último bienio pódese facer ao fío do cadro 2.17. Nel apréciase:

- Que as tres agrupacións de máis peso son as mesmas nos dous ámbitos territoriais (anque intercambian a orde a primeira e a segunda***): material de transporte, alimentación–bebidas–tabaco*** e ***refino petróleo–químicas***. Isto non debe tapar o feito da maior diversificación do tecido industrial español, mentres que o galego está moito máis concentrado (as dúas primeiras agrupacións citadas supoñen conxuntamente un 46,2% en Galicia mentres que en España quédase no 33,3%).

**Cadro 2.17** **Porcentaxe da produción comercializada [1]. Por grandes agrupacións. Galicia e España. 2003-2004**

| CNAE | | 2003 España | 2003 Galicia | 2004 España | 2004 Galicia |
|---|---|---|---|---|---|
| 15-16 | Alimentación, bebidas e tabaco | **19,7** | **18,3** | **19,1** | **18,5** |
| 17-18 | Téxtil e confección | 4,7 | 3,9 | 4,9 | 3,5 |
| 19 | Coiro e calzado | 0,1 | 1,2 | 0,2 | 1,0 |
| 20 | Madeira e cortiza | 4,5 | 1,8 | 4,3 | 1,8 |
| 21-22 | Papel, artes gráficas e edición | 2,5 | 6,0 | 2,5 | 5,8 |
| 23.2-24 | Refino de petróleo e químicas | **8,1** | **12,8** | **8,9** | **13,5** |
| 25 | Manufacturas de caucho e plástico | 3,1 | 4,2 | 3,1 | 4,1 |
| 26 | Produtos minerais non metálicos | 4,5 | 6,4 | 4,6 | 6,2 |
| 27 | Produción, 1ª transformación e fundición de metais | 5,9 | 5,4 | 7,0 | 6,2 |
| 28 | Produtos metálicos | 5,9 | 7,2 | 6,2 | 7,4 |
| 29-30-33 | Maquinaria e equipo, óptica e similares | 2,5 | 7,5 | 2,6 | 7,3 |
| 31-32 | Material eléctrico e electrónico | 3,5 | 4,3 | 3,9 | 4,4 |
| 34-35 | Material de transporte | **28,5** | **15,5** | **27,1** | **14,8** |
| 36 | Outras industrias manufactureiras | 1,6 | 3,2 | 1,3 | 3,1 |
| 40 | Enerxía eléctrica, gas e vapor | 5,0 | 2,6 | 4,3 | 2,5 |
| | **Total Galicia** | **100,0** | **100,0** | **100,0** | **100,0** |

Elaboración propia
(1) Lista de produtos PRODCOM
Fonte: INE, Enquisa industrial de produtos

**Cadro 2.18** **Sectorización por grandes agrupacións [1]. % Galicia/España. 2000-2004**

| CNAE | | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 15-16 | Alimentación, bebidas e tabaco | 6,5 | 6,8 | 6,8 | 7,1 | 6,8 |
| 17-18 | Téxtil e confección | **7,1** | **7,5** | **7,3** | **8,0** | **9,2** |
| 19 | Coiro e calzado | 0,4 | 0,4 | 0,4 | 0,4 | 1,0 |
| 20 | Madeira e cortiza | **17,2** | **16,3** | **17,0** | **16,4** | **16,1** |
| 21-22 | Papel, artes gráficas e edición | 2,8 | 2,7 | 2,9 | 2,8 | 2,8 |
| 23.2-24 | Refino de petróleo e químicas | 3,8 | 4,2 | 4,4 | 4,2 | 4,3 |
| 25 | Manufacturas de caucho e plástico | 4,1 | 4,3 | 4,6 | 4,9 | 4,9 |
| 26 | Produtos minerais non metálicos | 4,6 | 4,8 | 4,8 | 4,7 | 4,8 |
| 27 | Produción, 1ª transformación e fundición de metais | 7,1 | 7,4 | 7,0 | 7,3 | 7,3 |
| 28 | Produtos metálicos | 4,3 | 4,8 | 4,6 | 5,5 | 5,5 |
| 29-30-33 | Maquinaria e equipo, óptica e similares | 2,1 | 2,4 | 2,4 | 2,2 | 2,4 |
| 31-32 | Material eléctrico e electrónico | 3,8 | 5,3 | 4,2 | 5,4 | 5,8 |
| 34-35 | Material de transporte | **12,2** | **12,1** | **13,1** | **12,2** | **12,0** |
| 36 | Outras industrias manufactureiras | 2,2 | 2,9 | 3,1 | 3,2 | 2,8 |
| 40 | Enerxía eléctrica, gas e vapor | **-** | **-** | **11,3** | **12,7** | **11,2** |
| | **Total Industria** | **6,1** | **6,3** | **6,5** | **6,6** | **6,5** |

Elaboración propia
(1) Lista de produtos PRODCOM
Fonte: INE, Enquisa industrial de produtos

O maior peso relativo da agrupación de ***material de transporte*** en Galicia (que case dobra ao estatal) invértese nos apartados de ***maquinaria–óptica*** (no que o promedio estatal triplica ao de Galicia), no de ***papel–artes gráficas–edición*** (no que o peso estatal é máis do dobre) e máis no de ***refino de petróleo–químicas*** (no que a porcentaxe española supera en 4,6 puntos á galega).

A agrupación de menor peso relativo tamén é a mesma: coiro–calzado (anque cunha porcentaxe estatal que quintuplica a galega) pero as que lle seguen son moi distintas no tecido industrial galego que no español.

O cadro 2.18 amosa a desagregación por agrupacións da participación de Galicia no total de España en 2004. Salientaremos que:

- A especialización relativa do tecido industrial galega segue a ser especialmente evidente en catro agrupacións: ***madeira–cortiza*** (16,1%), ***material de transporte*** (12%), ***enerxía eléctrica–gas*** (11,2%) e ***téxtil–confección*** (9,2%). No último bienio avanzou notablemente o sector ***téxtil*** (1,9 puntos) mentres que diminuíron os dous de maior peso porcentual (ao redor dun punto cada un) e mantense estabilizado o sector de ***enerxía eléctrica–gas***.
- Se focalizamos os sectores industriais de menor peso en Galicia en relación co total estatal, catro (os mesmos que un bienio atrás) non chegan ao limiar do 3%: ***coiro–calzado*** (1%), ***maquinaria–equipo–óptica*** (2,4%), ***papel–artes gráficas–edición*** (2,8%) e ***outras industrias manufactureiras*** (2,8%).

## 2.5. Outras enquisas empresariais

### 2.5.1. Opinións empresariais

O cadro 2.19 recolle resumidamente as impresións dos empresarios galegos encol dalgunhas variables no conxunto do sector industrial nos últimos anos, segundo a ***Encuesta de Coyuntura Industrial*** que elabora o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Analizarémolo a continuación:

1) A previsión de utilización da capacidade produtiva total da industria estivo no cuarto trimestre do último ano no 80,2% e queda un punto por baixo do ano anterior.

2) No tocante á demanda, a variable "carteira de pedimentos" amosa a diferenza existente entre a porcentaxe de respostas que indicaron que era elevada e as que sinalaron que era débil. En decembro do ano 2004 queda na peor posición do período estudado.

3) En canto aos stocks de produtos rematados, as respostas da enquisa constatan a diferenza entre a porcentaxe de respostas que sinalan que o nivel é excesivo e as que sinalan que é insuficiente. A positiva evolución desta variable no último ano levouna a saír da peor posición do período analizado e quedar nun nivel intermedio.

4) A tendencia da produción representa a diferenza porcentual entre os que responden que aumentará e os que responden que diminuirá. No cadro comprobamos que este índice mellorou notablemente no último trienio e quedou na mellor posición do período focalizado.

**Cadro 2.19**

**Opinións empresariais. Total sector industrial (sen construción). Galicia. 2000-2004**

| Total sector industrial | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|---|---|
| Grao utilización actual (%) (1) | 75,2 | 76,5 | 81,6 | 81,2 | **80,2** |
| Carteira de pedimentos | -5,0 | -8 | 7 | 17,5 | **-14,3** |
| Stocks da produción | 5,0 | -3 | -14 | 14,7 | **0,5** |
| Tendencia da producción | -8,0 | -39 | -12 | 20,8 | **2,4** |
| Tendencia do emprego | -6,0 | -27 | -14 | 12,0 | **10,0** |

(1) Datos do 4º trimestre nesta variable e de dembro nas outras catro
Fonte: Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Enquisa de conxuntura industrial

5) A previsión empresarial da tendencia do emprego empeorou lixeiramente respecto do mesmo período do ano anterior, pero quedou cun valor mellor que no trienio 2000–2002.

## 2.5.2. Enquisas do sector servizos

Ben sabido é que o sector servizos constitúe hoxendía a principal fonte de xeración de renda e de ocupación laboral nos países desenvolvidos; dentro deles ten unha grande importancia o subsector comercial, que na estrutura empresarial tracexada polo DIRCE representa algo máis do 30% das empresas galegas. Focalizaremos neste apartado dous aspectos do sector servizos: o comercio polo miúdo e o turístico.

Cómpre subliñar que co ICM (***Índices de comercio polo miúdo***) o INE ten como principal obxectivo a cuantificación da evolución deste subsector comercial (ao traveso do seguimento das vendas e da poboación asalariada); desde o 1 de xaneiro de 2004 publica estes índices en prezos constantes, é dicir, eliminando o efecto que teñen os prezos sobre a evolución das vendas. Seguindo as recomendacións de ***Eurostat***, presenta os índices en termos netos (ou sexa, corrixidos do ***efecto calendario***).

**Cadro 2.20**

**Índices de comercio polo miúdo. Por comunidades autónomas. 2004**

| | Índice (1) | % variación |
|---|---|---|
| Andalucía | 127,9 | 2,9 |
| Aragón | 129,8 | 2,6 |
| Asturias | 131,5 | -0,6 |
| Baleares | 103,1 | 2,7 |
| Canarias | 146,9 | 1,7 |
| Cantabria | 125,4 | 2,5 |
| Catela e León | 123,6 | 1,7 |
| Castela A Mancha | 134,7 | 5,5 |
| Cataluña | 141,7 | 3,1 |
| Comunidade Valenciana | 135,8 | 4,3 |
| Estremadura | 143,8 | 1,6 |
| **Galicia** | **131,9** | **1,1** |
| Madrid | 134,7 | 1,3 |
| Murcia | 142,4 | 5,8 |
| Navarra | 136,5 | 2,3 |
| País Vasco | 137,0 | 3,1 |
| A Rioxa | 138,0 | 1,2 |
| Ceuta | 101,9 | -6,5 |
| Melilla | 111,3 | 5,2 |
| **España** | **133,8** | **2,6** |

(1) Base 2001
Fonte: INE, Índices de comercio polo miúdo

**Cadro 2.21**

**Pernoctacións de residentes en España. Galicia e España. 1999-2004**

| | 1999 | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | **5.887,2** | **4.947,4** | **4.963,9** | **5.309,6** | **5.467,8** | **6.748,7** |
| **España** | 81.503,6 | 83.382,0 | 85.261,0 | 86.718,4 | 91.036,9 | **99.878,0** |

Datos en medias anuais, en miles de pernotacións
Fonte: INE, Enquisa de ocupación hoteleira

■ Cadro 2.22 Pernoctacións de residentes no estranxeiro. Galicia e España. 1999-2004

| | 1999 | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | **795,6** | **901,2** | **887,7** | **954,0** | **990,4** | **1.142,1** |
| **España** | 149.036,0 | 143.761,6 | 143.420,6 | 135.836,4 | 136.833,9 | **135.041,2** |

Datos en medias anuais, en miles de pernotacións
Fonte: INE, Enquisa de ocupación hoteleira

■ Cadro 2.23 Porcentaxe anual de variación dos prezos hoteleiros (PH) e dos ingresos por habitación ocupada (IHA)

| | PH | IHA |
|---|---|---|
| Andalucía | 2,2 | 2,0 |
| Aragón | 3,5 | 4,4 |
| Asturias | 0,2 | 0,2 |
| Baleares | -0,2 | 4,5 |
| Canarias | 1,0 | 2,2 |
| Cantabria | 2,1 | 2,4 |
| Catela e León | 2,0 | 5,1 |
| Castela A Mancha | 3,8 | 5,4 |
| Cataluña | 3,1 | 3,4 |
| Comunidade Valenciana | -0,8 | 2,4 |
| Estremadura | 3,5 | 2,5 |
| **Galicia** | **3,2** | **7,1** |
| Madrid | 0,8 | 6,5 |
| Murcia | 2,2 | 2,1 |
| Navarra | 2,7 | 1,2 |
| País Vasco | 0,8 | 1,1 |
| A Rioxa | 3,8 | 3,5 |
| Ceuta | 3,0 | 0,0 |
| Melilla | 7,6 | 11,1 |
| **España** | **1,5** | **3,5** |

Fonte: INE, Enquisa de ocupación hoteleira

O cadro 2.20 recolle o índice xeral por comunidades autónomas do comercio polo miúdo e máis a variación no último ano. Reflite que a variación do comercio minorista en 2004 estivo 1,5 puntos porcentuais por baixo en Galicia que na media estatal e que o índice correspondente queda 1,9 puntos por baixo en Galicia.

Un achegamento ao estudo da ocupación en aloxamentos turísticos podemos realizalo cos datos dos cadros 2.21 a 2.23. Nos dous primeiros sobrancearemos que:

- As pernoctacións en establecementos hoteleiros en Galicia tiveron unha suba moi importante neste ano 2004 ao abeiro do "tirón" do primeiro Xacobeo do século XXI, acadando o mellor valor do sexenio (e moi por riba do Xacobeo de 1999).
- As pernoctacións en Galicia de residentes en España subiron en 2004 un 23,4%, mentres que no promedio español creceron un 9,7%.
- As pernoctacións en Galicia dos residentes no estranxeiro subiron en 2004 un 15,3%, mentres que en España baixaron lixeiramente e marcaron o peor rexistro do sexenio estudado.
- O crecemento medio dos prezos hoteleiros en Galicia en 2004 (3,2%) foi máis do dobre que na media estatal e a suba en Galicia dos ingresos por habitación ocupa-

da (7,1%) foi a maior entre as comunidades autónomas (só o supera a cidade de Melilla). O cadro 2.23 permite ás persoas interesadas realizar a comparanza dos datos de Galicia cos das outras comunidades autónomas.

Entre os "puntos débiles" das pernoctacións en Galicia que pon de manifesto a estatística do INE, ademais da maior suba dos prezos (que pode lastrar a nosa competitividade) subliñaremos que a estancia media é moi reducida (2,1 días), moi por baixo do promedio estatal (3,5 días).

### 2.5.3. Indicadores de actividade e demanda.

Nos cadros 2.24 e 2.25 presentamos unha serie de indicadores de conxuntura desde a dobre perspectiva da actividade (oferta) e demanda; no primeiro recollemos os datos para o total galego e no segundo a desagregación provincial dalgúns dos indicadores que figuran no primeiro cadro. O desglose por trimestre de cada un deles permite ás persoas interesadas realizar un estudo polo miúdo dos diferentes indicadores.

**Cadro 2.24**

**Indicadores de conxuntura (1). Galicia. 2004**

| | I T. | II T. | III T. | IV T. |
|---|---|---|---|---|
| **Actividade** | | | | |
| Consumo industrial de enerxía eléctrica | 8,5 | 3,5 | -4,0 | -2,3 |
| Importacións de bens de equipo | -8,1 | 21,9 | -11,7 | -14,2 |
| Vivendas visadas | 12,6 | -18,4 | 22,6 | -4,3 |
| Consumo de cemento | **8,3** | **2,2** | **-2,6** | **-15,9** |
| Tránsito portuario | 5,4 | 7,6 | 11,7 | 4,6 |
| Tránsito aéreo de viaxeiros | 12,4 | 16,9 | 7,8 | 8,4 |
| Pernoctacións | 17,2 | 31,3 | 16,9 | 24,6 |
| Ocupación hoteleira | 24,3 | 37,5 | 53,0 | 31,5 |
| **Demanda** | | | | |
| Consumo de gasolina | 1,5 | -1,6 | -3,1 | -3,0 |
| Consumo de gasóleo A | **7,5** | **6,5** | **6,1** | **2,6** |
| Consumo doméstico de enerxía eléctrica | 4,4 | 13,8 | 6,1 | 1,6 |
| Matriculación de automóbiles | 16,6 | 11,9 | 7,0 | 2,2 |
| Matriculación de vehículos de carga | 6,2 | 7,1 | 10,6 | 2,9 |
| Importacións de bens de consumo | 5,0 | 6,5 | 5,1 | 10,3 |
| Importación de bens intermedios | 5,2 | 12,3 | 4,2 | 12,6 |
| Exportacións | 11,8 | -0,5 | 4,7 | 7,0 |
| Licitación de obra pública | 482,0 | -54,9 | -19,4 | 13,6 |

(1) En porcentaxe de variación interanual
Fonte: Varias (collido do "Informe de Conxuntura da Economía Galega", editado pola Fundación Caixa Galicia)

■ **Cadro 2.25** — **Indicadores de conxuntura [1]. Por provincias. 2004**

| | A Coruña | | | | Lugo | | | | Ourense | | | | Pontevedra | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | I T. | II T. | III T. | IV T. | I T. | II T. | III T. | IV T. | I T. | II T. | III T. | IV T. | I T. | II T. | III T. | IV T. |
| **Actividade** | | | | | | | | | | | | | | | | |
| Consumo de cemento | 15,0 | 3,4 | -2,6 | -49,5 | 8,3 | 6,0 | 11,7 | 40,3 | 32,5 | 22,9 | -4,3 | -7,0 | -1,8 | -3,3 | -6,3 | 2,3 |
| Ocupación hoteleira (en %) | 28,0 | 40,3 | 53,9 | 34,3 | 15,8 | 27,6 | 39,2 | 22,4 | 19,6 | 25,1 | 33,0 | 24,8 | 25,2 | 41,0 | 60,7 | 33,7 |
| Pernoctacións | 23,9 | 27,6 | 24,2 | 25,1 | 0,7 | 29,3 | 18,1 | 19,9 | 1,3 | 6,1 | 17,7 | 18,2 | 18,6 | 41,5 | 11,4 | 27,0 |
| **Demanda** | | | | | | | | | | | | | | | | |
| Consumo de gasolina | 1,5 | -2,0 | -2,8 | -4,0 | -0,4 | -3,2 | -5,4 | -4,5 | 1,3 | -1,6 | -3,2 | -2,6 | 2,1 | -0,5 | -2,5 | -1,5 |
| Consumo de gasóleo A | 5,5 | 5,4 | 5,6 | 0,0 | 8,7 | 5,7 | 5,7 | 6,3 | 3,1 | 5,7 | 4,7 | -1,3 | 11,3 | 8,7 | 7,3 | 5,4 |
| Matriculación de automóbiles | 21,6 | 16,1 | 11,7 | 9,0 | 11,1 | 15,0 | 8,1 | -2,5 | 15,1 | 9,6 | 9,1 | -2,0 | 13,1 | 6,9 | 0,5 | -2,8 |
| Matriculación de vehículos de carga | -2,5 | -1,6 | 12,9 | -1,7 | 8,9 | 8,8 | 25,8 | 10,1 | 15,4 | 7,3 | 7,9 | 4,6 | 11,2 | 16,8 | 2,5 | 4,0 |
| Licitación de obra pública | 265,9 | -67,0 | -17,3 | 137,7 | 72,6 | -27,6 | 213,3 | -18,9 | 1.037,0 | -39,7 | -62,4 | -85,1 | 473,8 | -37,6 | -44,8 | 23,9 |
| Importacións | 6,9 | 22,9 | 11,9 | 20,3 | 24,3 | 82,7 | 45,5 | 0,0 | 35,4 | 28,0 | -0,4 | 9,9 | 0,7 | 0,0 | -3,7 | 4,5 |
| Exportacións | 41,3 | -19,4 | 11,4 | 20,2 | 11,4 | 43,0 | 9,1 | 12,9 | 0,2 | 13,4 | 3,0 | 1,0 | 4,2 | 6,0 | 1,6 | 1,2 |

(1) Porcentaxe de variación interanual
Fonte: Varias (collido do "Informe de Conxuntura da Economía Galega", editado pola Fundación Caixa Galicia)

# 2.6. Investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación (I + D+i)

## 2.6.1. Introdución

A investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico (I+D) abranguen un conxunto de traballos de carácter creativo emprendidos co fin de incrementar os coñecementos nunha rama ou actividade determinada, así como a aplicabilidade desa suma de coñecementos á mellora dos xa existentes. Sen dúbidas é un factor clave á hora de posibilitar a converxencia real cos países máis desenvolvidos, que como veremos neste mesmo apartado presentan valores moi por riba dos existentes en España (e especialmente dos de Galicia).

A innovación, pola súa banda, é cada vez máis un factor clave na procura do aumento de produtividade e, xa que logo, da competitividade empresarial; hoxe en día as diferenzas económicas entre os países susténtase, en boa parte, no crecemento e acumulación do ***know how*** e na súa capacidade de transformación en produtos finais, vía innovación tecnolóxica.

A nova política de fondos na procura da cohesión territorial na UE priorizará cada vez máis o seu investimento no amplo abano denominado ***sociedade do coñecemento***, co obxectivo de intentar converter a economía europea na máis competitiva do mundo (de acordo co aprobado no Cumio de Lisboa). O pulo da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico é fundamental e débese traballar na redución da ***"brecha tecnolóxica"*** galega; velaí un sinxelo exemplo: Un 46% das empresas galegas non teñen aínda acceso a Internet de banda ancha, porcentaxe que baixa ao 19% na media estatal e a menos do 5% na UE, Estados Unidos ou Xapón. A andaina da ***converxencia tecnolóxica*** é irrenunciable e urxente se non queremos perder unha vez máis na nosa historia o "tren do progreso".

## 2.6.2. Investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D)

O cadro 2.26 permítenos unha visión por comunidades autónomas para o ano 2003 dos gastos internos totais e máis do persoal (en equivalencia a xornada completa). Apréciase que:

- O gasto interno total de Galicia (4,1% do total estatal) está moi por baixo da porcentaxe que lle correspondería pola poboación, polo PIB ou polo número de empresas no total español, o que tamén ocorre no tocante ao persoal, pero cun diferencial menor, porque é maior a porcentaxe galega (4,9%).

Cadro 2.26

Gastos internos e persoal en I + D. Por comunidades autónomas. 2003

| | Gastos internos | | Persoal en equivalencia a xornada completa | |
|---|---|---|---|---|
| | Total (Miles de euros) | % | Total | % |
| Andalucía | 903.152 | 11,0 | 16.660,4 | 11,0 |
| Aragón | 169.086 | 2,1 | 4.520,0 | 3,0 |
| Asturias | 113.279 | 1,4 | 2.175,4 | 1,4 |
| Baleares | 46.323 | 0,6 | 816,1 | 0,5 |
| Canarias | 168.449 | 2,1 | 3.608,9 | 2,4 |
| Cantabria | 43.745 | 0,5 | 738,7 | 0,5 |
| C. León | 366.728 | 4,5 | 7.580,1 | 5,0 |
| C. A Mancha | 110.905 | 1,4 | 2.059,1 | 1,4 |
| Cataluña | 1.875.855 | 22,8 | 33.410,7 | 22,1 |
| C. Valenciana | 631.986 | 7,7 | 13.610,3 | 9,0 |
| Estremadura | 80.852 | 1,0 | 1.653,2 | 1,1 |
| **Galicia** | **338.446** | **4,1** | **7.412,3** | **4,9** |
| Madrid | 2.346.286 | 28,6 | 37.905,4 | 25,0 |
| Murcia | 134.403 | 1,6 | 3.110,7 | 2,1 |
| Navarra | 177.914 | 2,2 | 3.920,1 | 2,6 |
| País Vasco | 667.281 | 8,1 | 11.440,8 | 7,6 |
| A Rioxa | 36.685 | 0,4 | 821,5 | 0,5 |
| Ceuta e Melilla | 1.664 | 0,0 | 43,6 | 0,0 |
| **España** | **8.213.039** | **100,0** | **151.487,3** | **100,0** |

Fonte: INE, Estatísticas sobre actividades en I+D

- Hai unha notable concentración espacial do gasto interno total nas actividades de I+D en dúas comunidades autónomas, pois Madrid e Cataluña representan máis da metade (51,4%) do total estatal. No persoal o seu peso conxunto é algo inferior á metade do conxunto de España (47,1%).
- Galicia ocupa a sétima posición nas dúas clasificacións (polo gasto en I+D e máis polo persoal en EDC), por detrás de Cataluña, Madrid, Andalucía, País Vasco, C. Valenciana e Castela–León.

O seguimento na última década da porcentaxe do gasto en I+D en Galicia en relación co de España podemos facelo co cadro 2.27. A forte suba relativa de 1995 permitiulle a Galicia pasar do 2,57% de 1994 ao 3,33%; estancouse no cuadrienio seguinte ao redor desa porcentaxe e a suba do trienio 2000–2002 fixo que superara por vez primeira o 4%. En 2004 subiu lixeiramente e quedou no 4,12% do total español.

**Cadro 2.27**

**Evolución dos gastos internos en I+D. % Galicia/España. 1994-2003**

| | |
|---|---|
| 1994 | 2,57 |
| 1995 | 3,33 |
| 1996 | 3,20 |
| 1997 | 3,52 |
| 1998 | 3,24 |
| 1999 | 3,30 |
| 2000 | 3,70 |
| 2001 | 3,86 |
| 2002 | 4,08 |
| **2003** | **4,12** |

Elaboración propia
Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D

O valor absoluto do gasto en I+D dunha comunidade autónoma non é representativo dabondo do esforzo en investigación e desenvolvemento tecnolóxico da mesma, xa que o seu valor en relación co valor da súa produción pode ser moi distinto. Por iso recollemos no cadro 2.28 o gasto total en I+D, as porcentaxes dese gasto sobre o PIB de cada comunidade autónoma e mailo gasto de cada un dos sectores que o executan, Sobrancearemos que:

**Cadro 2.28**

**Gastos internos totais en I + D. Por comunidades autónomas e sector de execución. 2003**

| | Total | % sobre PIB | Empresas | Admón. Pública | Ensino superior | IPSFL (1) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Andalucía | **903.152** | 0,89 | 344.246 | 154.231 | 403.997 | 678 |
| Aragón | **169.086** | 0,74 | 97.610 | 24.533 | 46.932 | 11 |
| Asturias | **113.280** | 0,70 | 46.415 | 17.523 | 49.321 | 21 |
| Baleares | **46.323** | 0,25 | 6.903 | 7.980 | 31.318 | 122 |
| Canarias | **168.449** | 0,55 | 27.328 | 42.321 | 98.800 | - |
| Cantabria | **43.745** | 0,47 | 16.615 | 11.003 | 16.127 | - |
| C. León | **366.728** | 0,88 | 193.599 | 32.928 | 139.881 | 320 |
| C. A Mancha | **110.906** | 0,44 | 46.980 | 17.140 | 46.771 | 15 |
| Cataluña | **1.875.855** | 1,38 | 1.243.740 | 170.393 | 456.387 | 5.335 |
| C. Valenciana | **631.986** | 0,87 | 219.419 | 75.982 | 336.374 | 211 |
| Estremadura | **80.852** | 0,63 | 10.121 | 15.446 | 55.285 | - |
| **Galicia** | **338.446** | **0,86** | **135.478** | **41.010** | **161.874** | **84** |
| Madrid | **2.346.288** | 1,81 | 1.332.604 | 592.231 | 412.445 | 9.006 |
| Murcia | **134.404** | 0,73 | 58.815 | 20.472 | 55.101 | 15 |
| Navarra | **177.915** | 1,41 | 128.268 | 8.112 | 41.534 | - |
| País Vasco | **667.282** | 1,42 | 511.872 | 25.864 | 129.487 | 58 |
| A Rioxa | **36.686** | 0,66 | 23.355 | 4.556 | 8.774 | - |
| Ceuta e Melilla | **1.664** | 0,07 | 71 | 40 | 1.553 | - |
| **España** | **8.213.047** | **1,10** | **4.443.439** | **1.261.765** | **2.491.961** | **15.876** |

En miles de euros (agás a 2ª columna, que está en porcentaxe)
(1) Institucións privadas sen fins de lucro
Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D

- O gasto en I+D de Galicia supón actualmente un 0,86% do PIB, dato que fai que Galicia ocupe o oitavo posto na clasificación das comunidades autónomas (un posto por detrás que no ano anterior e que na clasificación por gasto absoluto). Segue a

Porcentaxe de execución do gasto de I+D.
Por sectores. Galicia e España. 2003

■ Cadro 2.29

| | Galicia | España |
|---|---|---|
| Empresas | **40,00** | 54,10 |
| Admón. Pública | **12,15** | 15,46 |
| Ensino Superior | **47,83** | 30,34 |
| IPSFL (1) | **0,02** | 0,20 |

(1) institucións privadas sen fins de lucro
Fonte: INE, Estatística de I+D

Evolución da porcentaxe de gastos respecto ao PIB a prezos
de mercado. Por comunidades autónomas

■ Cadro 2.30

| | 2001 | 2002 | 2003 |
|---|---|---|---|
| Andalucía | 0,62 | 0,62 | 0,89 |
| Aragón | 0,71 | 0,75 | 0,74 |
| Asturias | 0,71 | 0,65 | 0,70 |
| Baleares | 0,25 | 0,26 | 0,25 |
| Canarias | 0,56 | 0,60 | 0,55 |
| Cantabria | 0,57 | 0,55 | 0,47 |
| C. León | 0,83 | 0,81 | 0,88 |
| C. A Mancha | 0,04 | 0,44 | 0,44 |
| Cataluña | 1,17 | 1,28 | 1,38 |
| C. Valenciana | 0,77 | 0,81 | 0,87 |
| Estremadura | 0,60 | 0,60 | 0,63 |
| **Galicia** | **0,72** | **0,79** | **0,86** |
| Madrid | 1,79 | 1,88 | 1,81 |
| Murcia | 0,66 | 0,57 | 0,73 |
| Navarra | 1,22 | 1,11 | 1,41 |
| País Vasco | 1,39 | 1,32 | 1,42 |
| A Rioxa | 0,63 | 0,57 | 0,66 |
| **España** | **0,99** | **1,03** | **1,10** |

Fonte: INE, Estatística de I+D

reflectir unha ***diverxencia*** notable de Galicia (a estatal supera nun 28% á galega), moito maior que a existente en variables coma o PIB ou a renda.

▌As catro comunidades que realizan un maior investimento nas actividades de I+D son Madrid (1,8%), País Vasco, Navarra e Cataluña (as tres cun 1,4%).

▌No tocante á distribución do gasto en I+D segundo o sector que o execute, en Galicia o primeiro é o ensino superior mentres que no total estatal o primeiro é o sector empresarial (cousa que tamén ocorre, con especial intensidade, nas catro comunidades que máis invisten en I+D en proporción do seu PIB: Madrid, Cataluña, Navarra e País Vasco).

A comparanza das porcentaxes de execución do gasto en I+D en cada sector en Galicia e España podemos facela ao fío do cadro 2.29. Subliñaremos o seguinte:

▌O sector empresarial é o primeiro a nivel estatal, con máis da metade do gasto total en I+D (un 54,1%), mentres que en Galicia é o segundo (14,1 puntos porcentuais por baixo), anque subiu nos últimos anos (pois en 2001 era só un 27%).

▌En Galicia ocupa o primeiro posto o Ensino Superior (cun 47,8%), 17,5 puntos porcentuais por riba do promedio español.

**Cadro 2.31**

**Porcentaxe de gasto en I+D sobre o PIB. OCDE. 2001-2003**

| | 2001 | 2002 | 2003 |
|---|---|---|---|
| Austria | 2,07 | 2,19 | 2,19 |
| Bélxica | 2,17 | 2,24 | 2,33 |
| Canadá | 2,03 | 1,90 | 1,87 |
| República Checa | 1,30 | 1,30 | 1,34 |
| Dinamarca | 2,40 | 2,52 | - |
| Finlandia | 3,41 | 3,46 | - |
| Francia | 2,23 | 2,26 | - |
| Alemaña | 2,51 | 2,53 | 2,50 |
| Grecia | 0,65 | - | - |
| Hungría | 0,95 | 1,02 | 0,95 |
| Islandia | 3,06 | 3,09 | - |
| Irlanda | 1,13 | - | - |
| Italia | 1,11 | - | - |
| Xapón | 3,07 | 3,12 | - |
| Corea | 2,59 | 2,53 | 2,64 |
| México | 0,39 | - | - |
| Holanda | 1,88 | - | - |
| Nova Zelanda | 1,16 | - | - |
| Noruega | 1,60 | 1,67 | - |
| Polonia | 0,64 | 0,59 | - |
| Portugal | 0,85 | 0,94 | - |
| Eslovaquia | 0,64 | 0,58 | 0,59 |
| **Galicia** | **0,72** | **0,79** | **0,86** |
| **España** | **0,95** | **1,03** | **1,10** |
| Suecia | 4,27 | - | - |
| Turquía | 0,72 | 0,66 | - |
| Reino Unido+ | 1,86 | 1,87 | - |
| Estados Unidos | 2,73 | 2,66 | 2,60 |
| **UE (25)** | **1,83** | **1,86** | **-** |
| **OCDE** | **2,28** | **2,26** | **-** |

Fonte: OCDE. Base de datos MSTI 2004–2 (Collido do INE: Estatísticas sobre actividades en I+D. 2003)

- A porcentaxe de gasto en I+D da Administración Pública supera en 3,3 puntos á de Galicia.
- As Institucións Privadas sen fins de lucro teñen unha porcentaxe en Galicia dez veces menor que a estatal.

Centrámonos na evolución no último trienio das porcentaxes do gasto en I+D respecto do PIB nas distintas comunidades autónomas (cadro 2.30) destacaremos que o avance de Galicia (sete centésimas por ano) é insuficiente para conseguir nun prazo razoable a nosa converxencia coa media estatal; comunidades desenvolvidas (como Navarra) e pouco desenvolvidas (como Andalucía ou Murcia) tiveron en 2003 un forte avance que marca o camiño a seguir.

Na comparanza internacional, o cadro 2.31 subliña o baixo valor da porcentaxe de gasto galego en I+D (en relación co PIB) no contorno da Unión Europea ou da OCDE (en 2002 o dato de Galicia supón respectivamente un 46% e un 38%). O estado de maior porcentaxe de gasto en I+D (Suecia) quintuplica a porcentaxe de Galicia; Finlandia cuadriplícaa e triplícana Xapón, Islandia, Estados Unidos, Alemaña, Corea ou Dinamarca.

■ **Cadro 2.32** **Principais indicadores de I+D en empresas, por tipo de empresa (1) e comunidades autónomas. 2003**

| | Manufactureiras de alta e media-alta tecnoloxía | | | De servizos de alta tecnoloxía | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº empresas | Gastos I+D (miles euros) | Persoal en EXC | Nº empresas | Gastos I+D (miles euros) | Persoal en EXC |
| Andalucía | 138 | 81.034 | 1.090,5 | 82 | 78.010 | 1.333,6 |
| Aragón | 140 | 70.826 | 1.231,2 | 11 | 5.440 | 82,2 |
| Asturias | 31 | 12.871 | 222,9 | 9 | 4.836 | 94,7 |
| Baleares | 2 | 239 | 8,5 | 5 | 733 | 30,7 |
| Canarias | 8 | 583 | 17,3 | 10 | 16.204 | 177,8 |
| Cantabria | 22 | 6.995 | 75,5 | 8 | 1.859 | 27,0 |
| C. León | 63 | 35.537 | 531,6 | 46 | 115.893 | 1.389,1 |
| C. A Mancha | 59 | 25.458 | 399,7 | 16 | 6.568 | 149,3 |
| Cataluña | 895 | 616.471 | 8.015,5 | 233 | 292.831 | 4.653,8 |
| C. Valenciana | 260 | 65.678 | 1.276,9 | 86 | 42.627 | 998,6 |
| Estremadura | 8 | 1.444 | 19,1 | 3 | 754 | 29,5 |
| **Galicia** | **93** | **70.392** | **1.075,6** | **57** | **20.757** | **607,3** |
| Madrid | 311 | 488.488 | 5.385,9 | 309 | 443.957 | 5.533,3 |
| Murcia | 56 | 27.016 | 323,3 | 13 | 3.551 | 77,7 |
| Navarra | 85 | 71.546 | 931,9 | 15 | 13.344 | 277,4 |
| País Vasco | 342 | 175.587 | 3.164,6 | 138 | 196.932 | 3.269,9 |
| A Rioxa | 25 | 9.874 | 137,3 | 8 | 2.843 | 66,4 |
| | 1 | 71 | 1,1 | 0 | 0 | 0,0 |
| **España** | **2.389** | **1.760.110** | **23.908,4** | **962** | **1.247.139** | **18.798,3** |

(1) Manufactureiras de alta tecnoloxía: Industria farmacéutica, Maquinaria de oficina e material informático, Compoñentes electrónicos, Aparatos de radio, TV e comunicación, Instrumentos médicos de precisión, óptica e reloxería e Construcción aeronáutica e espacial.
Manufactureiras de media–alta tecnoloxía: Industria química agás farmacia; Maquinaria e equipo; Maquinaria e aparatos eléctricos; Industria do automóbil; Outro material de transporte.
De servizos de alta tecnoloxía: Correos e telecomunicacións; Actividades informáticas; Investigación e desenvolvemento
Fonte: INE, Base "Indicadores de Ciencia y Tecnología"

As persoas interesadas poderán afondar no estudo da I+D en Galicia e nas distintas comunidades autónomas co cadro 2.32, que recolle datos dos principais indicadores de I+D (número de empresas, gasto, persoal) nas empresas manufactureiras (de alta e media–alta tecnoloxía) e nos servizos de alta tecnoloxía.

## 2.6.3. Innovación tecnolóxica nas empresas.

A ***Enquisa de Innovación Tecnolóxica nas empresas*** (do INE) permite coñecer a estratexia tecnolóxica das empresas e os factores que inflúen na súa capacidade para innovar e ademais proporciona o marco base para estudos posteriores, coma pode ser a utilización da tecnoloxía punta nos procesos de fabricación ou a análise dos fluxos de pagos e ingresos tecnolóxicos. Nesta enquisa avalíase a actividade das empresas que realizan algunha actividade innovadora (I+D, adquisición de tecnoloxía inmaterial software, gastos en deseño, etc).

O gasto en actividades para a innovación tecnolóxica acadou en Galicia 685,5 millóns de euros no ano 2003; por ramas de actividade, a fabricación de vehículos a motor representa a maior porcentaxe do total de gasto en innovación. No cadro 2.33 presentamos o gasto en innovación tecnolóxica nas diferentes comunidades autónomas (e no total español) en 2003, con desagregación segundo tamaño da empresa. Salientaremos que:

- O investimento de Galicia supón un 5,7% do total estatal, sendo especialmente relevante nas empresas de menos de 250 empregados (8%) e moito menor nas de máis de 250 empregados (4,5%).

■ Cadro 2.33

**Gastos (1) en actividades para a innovación tecnolóxica.**
**Por comunidades autónomas e tamaño da empresa. 2003.**

| | Menos de 250 empregados | 250 e máis empregados | Total |
|---|---|---|---|
| Andalucía | 467.790 | 233.340 | 701.130 |
| Aragón | 81.305 | 351.369 | 432.674 |
| Asturias | 120.258 | 49.324 | 169.582 |
| Baleares | 19.049 | 16.873 | 35.922 |
| Canarias | 81.810 | 17.762 | 99.572 |
| Cantabria | 13.917 | 23.293 | 37.210 |
| Castela e León | 137.648 | 178.176 | 315.824 |
| Castela A Mancha | 372.138 | 57.385 | 429.523 |
| Cataluña | 1.529.857 | 1.386.964 | 2.916.821 |
| C. Valenciana | 507.822 | 342.996 | 850.818 |
| Estremadura | 25.823 | 5.827 | 31.650 |
| **Galicia** | **416.128** | **269.363** | **685.491** |
| Madrid | 772.044 | 2.307.138 | 3.079.182 |
| Murcia | 74.902 | 38.165 | 113.067 |
| Navarra | 105.338 | 72.130 | 177.468 |
| País Vasco | 408.296 | 654.519 | 1.062.815 |
| A Rioxa | 44.312 | 9.410 | 53.722 |
| Ceuta e Melilla | 1.789 | 4.246 | 6.035 |
| **España** | **5.180.226** | **6.018.280** | **11.198.506** |

(1) En miles de euros
Fonte: INE, Enquisa sobre innovación tecnolóxica nas empresas

▌As comunidades autónomas con maior gasto en actividades para a innovación tecnolóxica foron Madrid e Cataluña, que conxuntamente concentran a metade do gasto total estatal.

▌Galicia ocupa a sexta posición na clasificación, por detrás das dúas comunidades citadas máis País Vasco, C.Valenciana e Andalucía.

Cómpre sinalar o esforzo dos últimos anos en Galicia, no que non só sobrancea o dinamismo mostrado por unhas poucas empresas punteiras senón tamén o dos ***clusters*** (de automoción, acuicultura,etc), que con notable empeño están aplicando a cultura da cooperación empresarial na innovación.

## 2.6.4. Indicadores de alta tecnoloxía

Considerando a tecnoloxía como o stock de coñecementos que permite producir novos produtos e procesos, a alta tecnoloxía caracterízase por unha rápida renovación de coñecementos, moi superior a outras tecnoloxías, e polo seu grao de complexidade (que esixe un continuo esforzo en investigación e unha sólida base tecnolóxica). A efectos estatísticos, a definición de alta tecnoloxía realízase ao traveso dunha enumeración exhaustiva das ramas de actividade (enfoque sectorial) e máis dos produtos (enfoque por produtos) que se consideran nese momento de alto contido tecnolóxico. Para determinar o listado de actividades e de produtos de alta tecnoloxía, o INE partiu dos traballos metodolóxicos desenvolvidos pola OCDE nesta materia, e da súa adaptación no ámbito europeo por parte de Eurostat.

O cadro 2.34 amosa a produción dos sectores de alta tecnoloxía nas distintas comunidades autónomas no último ano do que informou o INE (2003): subliñaremos que:

▌A participación galega no total estatal é do 4,68% no número de empresas (0,11 puntos porcentuais máis que no ano anterior) e do 5,26% na cifra de negocios (0,33 puntos menos que no ano anterior).

**Produción nos sectores de Alta Tecnoloxía.**
**Por comunidade autónoma e tipo de indicador. 2003.**

■ **Cadro 2.34**

| | Nº establecementos | Cifra negocios |
|---|---|---|
| Andalucía | 6.415 | 10.963.548 |
| Aragón | 2.207 | 10.976.860 |
| Asturias | 1.261 | 2.165.733 |
| Baleares | 1.265 | 894.372 |
| Canarias | 1.874 | 1.481.027 |
| Cantabria | 526 | 2.209.107 |
| Castela e León | 2.280 | 10.095.177 |
| Castela A Mancha | 1.756 | 3.406.587 |
| Cataluña | 15.704 | 55.382.147 |
| C. Valenciana | 6.328 | 13.999.923 |
| Estremadura | 643 | 558.182 |
| **Galicia** | **2.942** | **10.057.023** |
| Madrid | 12.625 | 43.150.313 |
| Murcia | 1.422 | 2.131.701 |
| Navarra | 1.137 | 7.157.836 |
| País Vasco | 4.040 | 16.073.297 |
| A Rioxa | 378 | 647.009 |
| **España** | **62.803** | **191.349.842** |

(1) En miles de euros
Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e enquisa anual de servizos

▌Só tres comunidades sobrepasan os 15.000 millóns de euros de cifra de negocios: Cataluña, Madrid e País Vasco; entre as tres, concentran o 60% do importe estatal (Madrid e Cataluña conxuntamente sobrepasan xa a metade: 51,49%).

A diferenciación para Galicia entre os sectores manufactureiros (de tecnoloxía alta ou media–alta) e os servizos de alta tecnoloxía pódese facer ao fío do cadro 2.35, que reflite a distribución por comunidades autónomas da poboación ocupada no conxunto da economía de cada comunidade, nos sectores de alta e media–alta tecnoloxía e máis nos apartados en que os desagregamos (servizos de alta tecnoloxía e sectores manufactureiros –de alta e media–alta tecnoloxía). Sobrancearemos que:

▌A participación galega no total estatal é na poboación ocupada un 6,6%, porcentaxe que baixa medio punto se consideramos só a poboación ocupada nos sectores de alta e media–alta tecnoloxía: 6,1%.

▌Nos sectores manufactureiros, Galicia ten tan só un 1,6% do estatal nos de tecnoloxía alta, mentres que quintuplica esa porcentaxe nos de tecnoloxía media–alta: un 8,2%.

▌Nos servizos de alta tecnoloxía, o peso relativo de Galicia no conxunto de España é dun 4,1%.

▌Da poboación ocupada total da economía galega, un 7,2% traballa en sectores de alta ou media–alta tecnoloxía, medio punto porcentual por baixo do promedio estatal. Galicia ocupa o posto sétimo na clasificación das comunidades autónomas segundo esa porcentaxe, detrás de Cataluña, Navarra, Madrid, Aragón, Navarra e Cantabria.

No cadro 2.36 presentamos unha visión dinámica da poboación ocupada de Galicia e España nos sectores de alta e media–alta tecnoloxía. Destacaremos os seguintes aspectos:

**Cadro 2.35** **Poboación ocupada nos sectores de alta e medio-alta tecnoloxía. Por CCAA. 2002**

| | A | Sectores de alta e medio-alta tecnoloxía | | | | C=B/AX100 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Sectores manufactureiros | | Servizos de alta tecnoloxía | |
| | Total Economía | B | Alta tecnoloxía | Medio-alta tecnoloxía | | |
| Andalucía | **2.499,2** | 93,6 | 9,0 | 45,2 | 39,4 | 3,75 |
| Aragón | **474,5** | 54,5 | 2,9 | 43,2 | 8,4 | 11,49 |
| Asturias | **372,1** | 19,9 | 0,7 | 10,7 | 8,5 | 5,35 |
| Baleares | **378,4** | 10,0 | 0,6 | 3,5 | 5,8 | 2,64 |
| Canarias | **737,9** | 14,4 | 1,2 | 4,1 | 9,1 | 1,95 |
| Cantabria | **208,0** | 16,7 | 0,6 | 12,4 | 3,7 | 8,03 |
| C. León | **931,6** | 57,3 | 4,2 | 35,4 | 17,6 | 6,15 |
| C. A Mancha | **647,7** | 26,2 | 3,9 | 13,3 | 9,0 | 4,05 |
| Cataluña | **2.769,9** | 364,4 | 50,8 | 239,1 | 74,5 | 13,16 |
| C. Valenciana | **1.749,6** | 87,4 | 6,8 | 53,8 | 26,7 | 5,00 |
| Estremadura | **362,3** | 6,7 | 0,6 | 1,7 | 4,4 | 1,85 |
| **Galicia** | **1.072,2** | **77,6** | **2,4** | **59,0** | **16,2** | **7,24** |
| Madrid | **2.318,4** | 277,1 | 56,1 | 76,8 | 144,1 | 11,95 |
| Murcia | **452,8** | 21,4 | 1,1 | 13,4 | 6,8 | 4,73 |
| Navarra | **237,4** | 30,3 | 1,3 | 25,6 | 3,4 | 12,76 |
| País Vasco | **886,1** | 101,3 | 9,5 | 73,8 | 18,0 | 11,43 |
| A Rioxa | **111,3** | 6,8 | 0,4 | 5,1 | 1,4 | 6,11 |
| Ceuta e Melilla | **48,1** | 0,4 | 0,0 | 0,1 | 0,3 | 0,83 |
| **España** | **16.257,6** | **1.265,7** | **152,0** | **716,3** | **397,4** | **7,79** |

En medias anuais. En miles; agás a última columna que é porcentaxe
Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

**Cadro 2.36** **Evolución da poboación ocupada nos sectores de alta e medio-alta tecnoloxía. Galicia e España. 2001-2002**

| | A | Sectores de alta e medio-alta tecnoloxía | | | | C=B/AX100 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Sectores manufactureiros | | Servizos de alta tecnoloxía | |
| | Sectores produtivos | B | Alta tecnoloxía | Medio-alta tecnoloxía | | |
| **Galicia** | | | | | | |
| 2001 | **1.062,7** | 61,4 | 3,3 | 45,0 | 13,1 | 5,8 |
| 2002 | **1.072,2** | **77,6** | **2,4** | **59,0** | **16,2** | **7,2** |
| **España** | | | | | | |
| 2001 | **15.945,6** | 1.295,2 | 158,0 | 718,8 | 418,3 | 8,1 |
| 2002 | **16.257,6** | **1.265,7** | **152,0** | **716,3** | **397,4** | **7,8** |

En medias anuais. En miles; agás a última columna que é porcentaxe
Elaboración propia (a partir de datos do INE, EPA)

▌En Galicia aumentou no último ano analizado a poboación que traballa nos sectores de alta e media–alta tecnoloxía en 16.200 persoas mentres que baixou en 29.500 no total español.

▌En Galicia baixou no último ano a poboación empregada nos sectores manufactureiros de tecnoloxía alta, mentres que aumentou nos de tecnoloxía media–alta e nos servizos de alta tecnoloxía; en España baixaron as tres variables.

▌A porcentaxe de poboación ocupada nos sectores de alta e media–alta tecnoloxía sobre a poboación ocupada total aumentou sensiblemente en Galicia en 2002 (1,4 puntos porcentuais). Tralo descenso de 0,3 puntos no total español, pechouse no último ano estudado o diferencial moi notablemente (pasou de 2,3 a tan só 0,6 puntos).

## 2.7. A empresa industrial pública: a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI)

A raíz da promulgación do Real decreto–Lei 5/1995, do 16 de xuño, a industria pública española nucleada neses momentos en torno ao Instituto Nacional de Industria (INI) e ao Instituto Nacional de Hidrocarburos (INH) reestrutúrase, agrupándose en dous entes as distintas empresas dependentes ou controladas polo Ministerio de Industria e Enerxía:

- A Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), á que se lle asignan as participacións dos grupos Teneo, SA e Repsol, SA, rexida polo dereito privado, sen aval do Estado, e que goza do beneficio da consolidación fiscal nas operacións de endebedamento; ten, ademais, como unha das súas principais obrigacións a de amortizar a débeda do ex–INI, vía dividendos, endebedamento e desinvestimentos.

- A Axencia Industrial do Estado (AIE), á que se adxudica, polo seu valor contable, a carteira de titularidade directa, maioritaria, igualitaria ou minoritaria das entidades mercantís, suxeitas a plans de reestruturación ou reconversión industrial. A esta axencia non se lle concede ningunha capacidade de endebedamento e carece do beneficio de consolidación fiscal, se ben as empresas en reconversión serán as únicas que poidan percibir aportacións do Estado.

O 28 de xuño de 1996 o goberno aprobou o "programa de modernización do sector público empresarial do Estado", que deseña un plan de privatizacións de empresas públicas, que afondando na política de alleación de activos patrimoniais públicos que xa viña desenvolvéndose anteriormente, contempla a venda das empresas públicas rendibles, incluídas as dependentes do Ministerio de Economía e Facenda.

No trienio 1996–1999 producíronse operacións privatizadoras en empresas públicas industriais e de servizos con implantación en Galicia: Argentaria, Telefónica, o grupo Repsol, Retevisión, Auxini, ENDESA, Tabacalera, Gas Natural, Elcano, Barreras, INESPAL, Santa Bárbara, Indra ou Red Eléctrica, e en 2000 e os primeiros meses de 2001 os de Iberia, Enatcar e ENCE, ás que seguirá Autopistas del Atlántico no 2002, quedándose o Estado co control daquelas que poden ter problemas para privatizarse por cuestións sociais ou estratéxicas, aínda que non se descarta o seu pase a mans privadas, como as da División Naval e Bazán agrupadas no novo grupo Izar.

En todo caso, o que si é certo é que o cadro da empresa pública en España, e polo tanto en Galicia, experimentou un importante cambio nestes últimos anos, especialmente a partir de 1997–1998, diminuíndo substancialmente as empresas participadas polo Estado, quedando reducido a un pequeno grupo con capital público, formado polas que arrastran un déficit empresarial considerable.

O Decreto–lei 15/1997, do 15 de setembro, reagrupa de novo o sector público, disolvendo a AIE e integrando as súas sociedades na SEPI, facendo esta fronte ao paulatino equilibrio financeiro do sector, cunha aportación de recursos de 900.000 millóns de pesetas –resultante das privatizacións– durante os dous primeiros anos e desvinculando o mantemento das empresas públicas dos Orzamentos Xerais do Estado, cun efecto importante na redución do déficit público para o cumprimento dos criterios de Maastricht.

A SEPI é polo tanto a sociedade estatal que agrupa na actualidade ás empresas públicas industriais, acollendo tamén algunha das empresas que pertencían á Dirección Xeral de Patrimonio, tales como Efe, ALYCESA, CETARSA, Transmediterránea,

EMGRISA, ENAUSA –matriz de Autopistas del Atlántico–, EXPASA, MAYASA e a Sociedade Estatal de Participacións Patrimoniais, coa intención na maioría dos casos de preparar a súa futura privatización. En marzo de 2005 tras unha importante crise da empresa Izar provocada dunha banda polas súas notables perdidas –800 millóns de euros– e por outra pola exixencia da UE ao goberno español da devolución das axudas nos últimos anos aos estaleiros públicos, constitúese unha nova empresa: Navantia que mercé a un axuste de cadro de persoal por xubilacións anticipadas asume a actividade de construción naval, fundamentalmente militar, conservando un 20% de actividade en materia civil. Así mesmo acolle liñas de actividade de propulsión e enerxía, reparacións e sistemas e armas, cunha forte aposta pola tecnoloxía e tarefas de investigación e desenvolvemento.

No anexo deste informe contémplanse os datos de investimentos e persoal dos entes públicos e sociedades estatais en Galicia, clasificados de acordo coa distribución que establece a Lei de orzamentos xerais do Estado.

As características e tendencias que apuntabamos en anteriores informes, con respecto aos investimentos e ao cadro de persoal das empresas públicas dependentes do ex Ministerio de Industria e Enerxía –hoxe do de Facenda–, continúan en 2004; como se reflite nos cadros 16 e 17 do anexo, quedando reducidas na súa vertente industrial a Navantia xa que as restantes son empresas doutros sectores produtivos.

Os investimentos da SEPI representan un montante total de 14 millóns 845 mil euros (cadro A.16)– dos que 5.725.000 millóns de euros corresponde á Navantia e unha contía similar: 5.720.000 á empresa Sepides filial da Sepi en actuacións no marco do Plan Galicia que ten como obxectivo impulsar o desenvolvemento económico de Galicia mediante o apoio e promoción de proxectos empresariais privados que xeren riqueza nas zonas afectadas polo vertido do ***Prestige***.

A escasa contía da inversión das empresas públicas está en consonancia ca diminución do número e a importancia das empresas con respecto a anos anteriores ao deixar de computarse, xa en 1997, as inversións de Endesa e do grupo Repsol –preto de 9.611 millóns de ptas. en 1997– que foron as empresas industriais con maior capacidade inversora en Galicia, privatizándose tamén en 2002 ENA que con 45 millóns 670 mil euros de inversión en 2002 constituía a empresa pública con maior volume de recursos en dito ano.

As empresas públicas industriais con sede en Galicia experimentan unha diminución apreciable de traballadores nestes dez últimos anos, pasándose, no seu conxunto, de 14.067 traballadores en 1993 aos 4.558 do ano que analizamos. Os efectivos de persoal das empresas públicas en Galicia, ascenden a 4.558 fronte aos 5.125 en 2003 (cadro A.17). Navantia con 3.771 efectivos dos estaleiros de Fene e Ferrol constitúen ó maior volume por empresa ao que segue Tragsa con 796 traballadores. A provincia da Coruña, con 4.280 empregados, concentra o volume máis importante, o persoal das outras tres provincias galegas proceden precisamente deste ultimo grupo citado.

## 2.8. Política industrial. A aportación das administracións públicas

Examinaremos, dentro deste apartado, o conxunto das intervencións máis importantes das distintas administracións públicas no ámbito industrial e empresarial, co obxecto de ter unha visión de carácter xeral das principais liñas de actuación que marcan as políticas públicas en Galicia.

Hai que ter, non obstante, moi en conta que a política macroeconómica ten un papel decisivo sobre a actividade industrial: o control da inflación, a redución do déficit público e a estabilidade monetaria constitúen factores fundamentais para a incentivación e boa marcha das industrias e, xunto co investimento público e o impulso das reformas estruturais, inciden dunha maneira decisiva no comportamento empresarial.

### 2.8.1. As actuacións da UE

O Cumio de Maastricht de 7 de febreiro de 1992, coa reforma do artigo 130 do Tratado da UE, marca o inicio da nova estratexia en materia industrial e de emprego previndo un marco de relacións entre administracións públicas rexido polo principio de subsidiaridade, a potenciación da instrumentación de accións de I+D, políticas de infraestruturas a escala europea, formación profesional e incluso a posibilidade de utilización de medidas específicas, a aprobar por unanimidade, destinadas a acelerar a adaptación da industria aos cambios estruturais, creando un contorno favorable á iniciativa, desenvolvemento e cooperación entre as empresas, e a favorecer unha explotación do potencial industrial das políticas de innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

O Tratado de Amsterdam de 17 de xuño de 1997 inclúe no Tratado Constitutivo da Unión Europea un capítulo sobre emprego, en paralelo ás disposicións relativas á Unión Económica e Monetaria. Cada país continúa a ser dono da súa política, pero a situará no contexto dunha estratexia coordinada de toda a comunidade. O Tratado fixa para os gobernos da Unión o compromiso de:

- Orientar as súas políticas de emprego en consonancia coa política económica da comunidade.
- Promover unha man de obra cualificada con poder de adaptación, así como mercados de traballo que poidan reaccionar axiña ante os cambios económicos.

Así mesmo, crea un sistema de vixilancia multilateral das políticas de emprego nacionais, e un Comité de Emprego que asistirá ás institucións neste traballo.

A estratexia coordinada para o emprego levarase á práctica do seguinte xeito:

a) En primeiro lugar, os xefes de Estado e de Goberno examinarán a situación do emprego.

b) O Consello, por maioría cualificada, a proposta da Comisión e previa consulta ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social, e ao Comité das Rexións, elaborará as liñas directrices para os Estados membros.

c) Ao final do ano, o Consello examinará a aplicación das liñas directrices e, se o estima oportuno, formulará recomendacións para os Estados membros.

O Consello e a Comisión remitirán un informe anual conxunto aos xefes de Estado e de Goberno, que examinarán as novas orientacións a seguir.

d) Finalmente, prevense medidas de estímulo para financiamento de proxectos piloto en temas de emprego.

Transcorridos dous anos con ocasión do Cume de Lisboa –marzo de 2000– valorouse positivamente o proceso iniciado en Amsterdam, e acolleuse como obxectivo prioritario a loita contra o desemprego, marcándose como meta conseguir o pleno emprego na Unión Europea para o 2010, combinando para isto reformas estruturais ambiciosas coa potenciación das novas tecnoloxías, facendo especial fincapé no acceso das escolas a Internet e a formación a curto prazo do profesorado nas novas tecnoloxías.

A pesar do descenso da actividade económica como consecuencia dos atentados do 11 de setembro de 2001, no Consello da Unión Europea de Sevilla –21 e 22 de xuño de 2002– se aposta pola reactivación do crecemento, reafírmase na adhesión do Pacto de Estabilidade e Crecemento e o saneamento das finanzas públicas e mantense en vigor os obxectivos estratéxicos alcanzados en Lisboa. Así mesmo, tanto no Cumio de Copenhague de decembro de 2002, que aproba a ampliación a 25 Estados a partir do 1 de maio de 2004, como o Consello de Bruxelas do 20 e 21 de marzo de 2003 ratifican cunha serie de orientacións e medidas específicas os obxectivos de Lisboa.

A incorporación de 10 novos países en maio de 2004 á Unión Europea, todos eles con rendas per cápita inferiores á española e moi lonxe da media da Unión, levará aparelladas importantes repercusións para países que como España son beneficiarios netos e en moi ampla medida das axudas e fondos estruturais europeos.

O "non" ao referendum sobre a Constitución europea de Francia e Holanda e o recente fracaso da cume europea de Bruxelas para a aprobación do marco orzamentario 2007–2013 sumiu á UE nunha fonda crise con repercusión moi directa no escenario de territorios como o galego que basean o seu futuro desenvolvemento nas aportacións dos fondos estruturais e de cohesión.

As actuacións da UE en Galicia –catalogada como rexión obxectivo nº 1– lévanse a cabo a través do transvase de importantes cantidades de diñeiro para o desenvolvemento rexional, das que a maioría dedícanse a infraestruturas de carácter básico; ditas cantidades canalízanse a través dos chamados fondos estruturais para a redución dos desequilibrios rexionais: o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER); o Fondo Social Europeo (FSE); o Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA); e o Instrumento para Financiamento e Organización da Pesca (IFOP). Xunto a eles, e creado no Tratado de Maastricht para os estados membros que non superan o 90% da media comunitaria do PIB por habitante (Irlanda, Grecia, Portugal e España), o Fondo de Cohesión financia proxectos de infraestrutura de transporte e medio ambiente.

### Marco de Apoio Comunitario de Galicia para o período 2000–2006

O período de programación, actualmente en curso: o marco orzamentario para o período 2000–2006 foi aprobado nas grandes cifras para o conxunto da Unión, pola Comisión no Cume de Berlín en marzo de 1999 consagrando o criterio do emprego como un dos básicos para o reparto de recursos e incluíndo fondos específicos "instrumentos de preadhesión" para os países que teñen prevista a súa entrada na UE. Tras intentos dalgúns membros para a súa abolición, mantívose o Fondo de Cohesión, pero endurécense os seus controis; en concreto, os beneficiarios que accederon ao euro perderano instantaneamente se incumpren o pacto de estabilidade, incorrendo nun déficit superior ao tres por cento do PIB fixado no Tratado de Maastricht.

A Galicia como Marco de Apoio Comunitario (MCA) correspondeulle para o período 2000–2006 a cantidade de 5.407,7 millóns de euros –899.766 millóns de pta.– o 13,7% do total do financiamento comunitario para as rexións obxectivo nº 1 de España.

## Programa Operativo Integrado de Galicia 2000–2006

No cadro 2.37 explicítase por axente xestor e medida o grao de execución do **programa operativo integrado de Galicia 2000–2006** a 31 de decembro de 2004. Do total programado para todo o período: 5.321 millóns de euros, cunha subvención prevista de algo máis de 3.581 millóns executouse a 31–12–2004 máis de 3.092 millóns de euros que representa un 58.11% do total. O eixe nº 6: Redes de transporte e enerxía, financiada polo Feder, e con máis de 2.419 millóns de euros no programa é o de maior contía económica, nel intégranse as partidas correspondentes a estradas, autoestradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de enerxía etc.; ao fin de 2004 o gasto executado elévase a preto de 1.436 millóns de euros que correspóndese co 59.36 % do total do previsto neste eixe. Como pode apreciarse o subeixe de autoestradas esta xa ao 100% a 31–12–2004, mentres que os subeixes de sistemas de transporte multimodais e redes de enerxía tiñan unha execución baixa que en ningún deles chegaba ao 35%.

O eixe nº 3: Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos é o seguinte en importancia económica cunha dotación total do programa de preto de 837 millóns de euros, dos que executáronse ao fin de 2004 algo máis de 461 millóns 662 mil euros, que representa o 55.17%. Como pode apreciarse comprende actuacións de abastecemento de augas, saneamento e depuración de augas residuais, xestión de residuos urbanos, etc.; o subeixe actuacións medioambientais en costas rebasou ao fin de 2004 a cantidade presupostada nun 9% e o de vixilancia,control e redución da contaminación ambiental é o que lle segue cunha maior porcentaxe de execución neste eixe.

| A Coruña | 11 | 10 | 13 | 7 | 5 | 5 | 4 | 858.401,55 | 591.828,64 | 637.048,79 | 398.278,70 | 604.744,45 | 587.273,50 | 1.169.760,00 |
| Lugo | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| Ourense | - | - | - | 2 | | 1 | 2 | - | - | - | 361.015,95 | - | 67.445,69 | 1.224.874,00 |
| Pontevedra | 11 | 5 | 10 | 5 | 3 | 6 | 3 | 388.151,65 | 241.138,08 | 679.696,61 | 1.553.838,66 | 309.476,14 | 1.367.066,22 | 1.947.721,00 |
| **Galicia** | **22** | **15** | **23** | **14** | **8** | **12** | **9** | **1.246.553,20** | **832.966,72** | **1.316.745,40** | **2.313.133,32** | **914.220,59** | **2.021.785,41** | **4.342.355,00** |

Elaboración propia
Contía subvención en euros
Fonte: Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía

**■ Cadro 2.48** **Aportacións do CDTI. Galicia. 2001-2004**

| | Nº de proxectos | | | | Orzamento subvencionable | | | | Aportación CDTI | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 |
| A Coruña | 6 | 4 | 2 | 2 | 8.189,5 | 3.365,1 | 2.163,8 | 1.744,7 | 3.244,6 | 1.225,7 | 1.161,7 | 872,4 |
| Lugo | 2 | 1 | 2 | | 2.075,9 | 923,6 | 1.325,4 | | 625,7 | 461,8 | 498,7 | |
| Ourense | | | | | | | | | | | | |
| Pontevedra | 7 | 2 | 7 | 2 | 7.641,5 | 1.372,4 | 6.237,1 | 3.033,8 | 3.153,4 | 780,3 | 3.280,4 | 1.573,3 |
| **Galicia** | **15** | **7** | **11** | **4** | **17.906,9** | **5.661,1** | **9.726,3** | **4.778,5** | **7.023,7** | **2.467,8** | **4.940,8** | **2.445,6** |

Contías económicas en miles euros
Fonte: Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI)

1997–1999 e os datos dos anos 2000 a 2003 do vixente. Como podemos observar tras a diminución no 2001 do número de empresas ou proxectos beneficiarios do plan increméntase en 2002 o número de proxectos e volve a caer neste caso a nove proxectos en 2003, se ben increméntase en máis do dobre a contía total das subvencións e/ou anticipos ata máis de catro millóns 342 mil euros dos que o 44,85% corresponden á provincia de Pontevedra.

O **Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial** (**CDTI)** ten como obxectivo axudar ás empresas españolas a elevar o seu nivel tecnolóxico mediante a financiación de proxectos de I+D, a xestión e a promoción da participación de empresas españolas en programas internacionais de cooperación tecnolóxica, o apoio á transferencia de tecnoloxía no ámbito empresarial, así como á creación e consolidación de empresas de base tecnolóxica.

O CDTI concedeu a Galicia, durante 2004 préstamos por un valor de 2 millóns 446 mil euros distribuídos en 4 proxectos para apoiar unha inversión de 6 millóns 778 mil euros–(cadro 2.48), salientando dende o punto de vista provincial, como en anos anteriores, a contía da aportación en Pontevedra.

O **programa de reindustrialización** contempla subvencións e préstamos para zonas que sufriran declive industrial; aprobou para Galicia en 2004 proxectos, outorgando axudas de 200.000 euros a empresas con actividade no contorno de Ferrol e As Pontes.

## ■ Os incentivos económicos rexionais

Os incentivos económicos rexionais creados pola Lei 50/1985 constitúen un mecanismo incentivador da inversión privada en zonas configuradas na actualidade (reforma do Real–decreto 1328/2001 do 30 de novembro) como Zona de Promoción

Económica –ZPE– que queda constituída pola totalidade da comunidade autónoma: a consideración de ZPE supón que os proxectos de investimentos relacionados coa industria extractiva e transformadora, en industrias agroalimentarias, de acuicultura e de transformación e conserva de produtos pesqueiros, os servizos de apoio á industria e os de establecementos hoteleiros poden ser susceptibles de subvencións ata o 40% do investimento total).

A partir do 1 de xaneiro de 1996 suprímese a ZID (Zona Industrial en declive, que ten hasta esa data a zona de Ferrolterra, cun tratamento máis xeneroso con respecto a porcentaxe das subvencións) e a totalidade de Galicia constitúe ZPE a efectos da normativa sobre os incentivos económicos, se ben a porcentaxe que obteñen as empresas pode complementarse con outras actuacións subvencionadoras co tope xeral do 40% a partir de 2002 fronte ao anterior do 50%.

**Expedientes de incentivos económicos rexionais da Comunidade Autónoma de Galicia, acollidos á Lei 50/1985, aprobados entre o 01.01.2004 e o 31.12.2004**

**Cadro 2.49**

| | Expedientes | Investimento | Subvención | A crear | A manter |
|---|---|---|---|---|---|
| A Coruña | 17 | 67.849.699 | 9.356.523 | 217 | 789 |
| Lugo | 4 | 18.604.403 | 3.042.826 | 59 | 127 |
| Ourense | 6 | 22.727.647 | 3.321.056 | 51 | 809 |
| Pontevedra | 20 | 123.367.206 | 19.552.604 | 548 | 992 |
| **Galicia** | **47** | **232.548.955** | **35.273.009** | **875** | **2.717** |

Datos de Investimento e Subvención en euros
Fonte: Ministerio de Economía

**Cadro 2.50**

**Expedientes de incentivos económicos rexionais da Comunidade Autónoma de Galicia, acollidos á Lei 50/1985, aprobados entre o 01.06.1988 e o 31.12.2004**

| | Exp. | Investimento | Subvención | % | Emprego/crear | Emprego/manter |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | 1.531 | 3.639.583 | 647.899 | 17,80 | 23.176 | 71.067 |

Elaboración propia
Datos de Investimento e Subvención en miles de euros
Fonte: Ministerio de Economía

**Expedientes de incentivos económicos rexionais da Comunidade Autónoma de Galicia, acollidos á Lei 50/1985, aprobados de 1994 a 2003**

**Cadro 2.51**

| | Exp. | Investimento | Subvención | % | Emprego/crear | Emprego/manter |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1994 | 63 | 147.055,64 | 26.071,91 | 17,73 | 873 | 3.144 |
| 1995 | 63 | 133.034,03 | 23.265,18 | 17,49 | 823 | 4.515 |
| 1996 | 39 | 68.713,71 | 10.746,10 | 15,64 | 486 | 2.251 |
| 1997 | 51 | 378.126,77 | 87.801,86 | 23,22 | 1.114 | 4.273 |
| 1998 | 53 | 270.455,45 | 48.958,45 | 18,10 | 1.042 | 10.225 |
| 1999 | 83 | 259.793,49 | 45.737,02 | 17,60 | 1.724 | 4.654 |
| 2000 | 52 | 131.753,87 | 21.678,51 | 16,45 | 923 | 2.025 |
| 2001 | 109 | 445.221,60 | 46.184,20 | 10,37 | 1.744 | 7.308 |
| 2002 | 47 | 330.394,13 | 30.059,31 | 9,10 | 1.267 | 3.181 |
| 2003 | 100 | 395.946,00 | 55.135,00 | 13,92 | 1.520 | 6.082 |
| **2004** | **47** | **232.548,95** | **35.273,00** | **15,17** | **875** | **2.717** |

Datos de Investimento e Subvención en miles de euros
Fonte: Ministerio de Economía

Como pode apreciarse no cadro 2.50 aprobáronse en Galicia, desde 1988, ano de iniciación dos incentivos, ata decembro de 2004, un total de 1.531 proxectos que obtiveron unha subvención total de 647 millóns 899 mil euros.

O cadro 2.51 contempla a evolución, nos últimos once anos, observándose a nivel galego, nos anos 1997, 1998 e 1999 un aumento moi notable tanto do investimento subvencionable como da axuda concedida, destacando a estes efectos e tamén a contía do tanto por cento correspondente, o ano 1997.

En 2000 aprobáronse un total de 52 expedientes –un número inferior ao ano anterior e similar aos anos precedentes– para un investimento de 131 millóns 754 mil euros–, outorgáronse subvencións de 21 millóns 679 mil euros–, pero en 2001 apróbanse 109 expedientes, a cantidade maior destes últimos nove anos cun alto, tamén, investimento previsto, outorgando como subvención 46 millóns 184 mil euros cun compromiso de creación de 1.744 novos empregos e de mantemento de 7.308.

No ano 2002 baixa o número de expedientes a 47, aínda que a contía do investimento –330 millóns 394 mil euros– é importante. O importe da subvención baixa con respecto ao ano anterior e acada un importe de algo máis de 30 millóns de euros cun compromiso de creación de 1.267 empregos e de mantemento de 3.181. No ano 2003 volven a subir tanto o número de expedientes –100– como a subvención concedida 55 millóns 135 mil euros, experimentando un acusado descenso no 2004 no que apróbanse 47 expedientes para unha inversión de preto de 232 millóns 549 mil euros e concedese unha subvención total de 35 millóns 273 mil euros, para a creación de 875 empregos e o mantemento de 2.717 postos de traballo.

**Cadro 2.52** Incentivos económicos rexionais. Proxectos por sectores. Galicia. 2004

| | Expedientes | Investimento aprobado | Subvención % | Emprego a crear (%) | Emprego a manter (%) |
|---|---|---|---|---|---|
| 03. Extracción e 1ª trans. de minerais metálicos non enerxéticos | 3 | 11.448.468 | 1.251.846 | 58 | 28 |
| 04. Extracción e industria de minerais non metálicos | 8 | 14.925.338 | 2.040.961 | 53 | 501 |
| 05. Industria química e produción de fibras artificiais | 1 | 2.556.519 | 204.521 | 0 | 300 |
| 06. Fabricación de prod. metálicos. Maquinaria e equipo mec. | 10 | 63.673.193 | 10.928.385 | 263 | 153 |
| Construcción de máquinas de oficina.Mat. ELéctrico e electrónico | 1 | 2.964.427 | 474.308 | 6 | 108 |
| 08. Const. automóbiles e pezas de reposto. Material de transporte | 1 | 23.139.359 | 4.396.478 | 222 | 0 |
| 11. Indistria téxtil, coiro, calzado e vestido | 1 | 3.650.700 | 438.084 | 6 | 369 |
| 12. Industrias da madeira e do papel. Artes gráficas | 10 | 71.933.646 | 8.583.329 | 104 | 858 |
| 13. Industria do caucho e transformación de materiais plásticos | 4 | 7.758.898 | 1.084.227 | 45 | 204 |
| 14. Outras industrias manufactureiras | 3 | 4.632.056 | 712.794 | 28 | 194 |
| 16. Turismo | 4 | 20.831.091 | 3.647.497 | 75 | 2 |
| 18. Outros sectores económicos | 1 | 5.035.260 | 1.510.578 | 15 | 0 |
| **Total** | **47** | **232.548.955** | **35.273.008** | **875** | **2.717** |

Contías económicas en euros
Fonte: Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía

## 2.8.3. A aportación da Administración Autonómica

A análise da política industrial da Xunta de Galicia en 2004 lévanos primeiramente a examinar o labor do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), os fondos de capital risco –Emprende, Adiante, e da Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Galicia (SODIGA) que xestiona XESGALICIA; e, posteriormente, cun achegamento moi sucinto ás liñas de actuación orzamentaria de promoción industrial que veñen desenvolvendo as consellerías sectoriais: a de Innovación, Industria e

Comercio co apoio da de Economía e Facenda; a de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural; a de Pesca, e Asuntos Marítimos; e a de Medio Ambiente.

Desde a súa creación, coa Lei 5/1992, do 10 de xuño, o IGAPE vén a traballar en diversos programas de promoción e apoio ao contorno empresarial galego, a través da tramitación dos incentivos económicos rexionais –que xa estudamos no anterior epígrafe–, da concesión de préstamos e avais, de distintas modalidades de bolsas para posgraduados (de contratos en prácticas, de investigación no exterior, "de promoción", etc.) e de programas como LANZA –para a promoción da creación de empresas innovadoras lideradas por xoves–, PIMEGA –plan integral para mellorar a competitividade da empresa galega– ou IGATEL –que fomenta as telecomunicacións e aporta unha base de datos con información especializada ao empresariado–.

Desde a aprobación do Decreto 309/1995, do 23 de novembro, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, o IGAPE configúrase, máis claramente, como o eixe fundamental de potenciación do sector produtivo galego, potenciada polo novo marco de actuación que introduce o "Acordo sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia", asinado o 13 de xullo de 1998 pola Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios e as centrais sindicais Comisións Obreiras e a Unión Xeral de Traballadores. Nel conténense as liñas de actuación no período 1998–2001, mantendo e reforzando en parte as políticas que de promoción e fomento da actividade empresarial viñan realizándose con anterioridade –subsidiación aos tipos de xuro dos préstamos, subvencións a fondo perdido en proxectos que contribúan á creación e ao mantemento de emprego estable, préstamos participativos, saneamento financeiro, avais, etc.–.

En xuño de 2000 o IGAPE dá a coñecer as directrices que seguirá o ente no período 2000–2003, presentando novos retos –duplicar os resultados do período 1997–1999– incidindo nas liñas dos programas previstos no Acordo coas centrais sindicais SN de CCOO de Galicia e UGT–Galicia e a Confederación de Empresarios de Galicia. O Decreto 172/2001 de 12 de xullo fixa as bases que regulan as modalidades de axudas do IGAPE que foron potenciadas e modificadas o 31 de marzo de 2003 no marco do plan de dinamización económica, Plan Galicia, incorporando e establecendo melloras de carácter xeral e iniciativas orientadas a prestar apoio ás pequenas empresas nas zonas especialmente afectadas polo sinistro do ***Prestige*** (Costa da Morte) ou nas áreas de dinamización prioritaria de Lugo e Ourense. Na actualidade, contempla para o período 2000–2006 as seguintes liñas de actuación:

- Apoios a investimentos
- Apoios a novas iniciativas empresariais (implantación de proxectos emprendedores)
- Apoio á continuidade e á mellora competitiva
- Apoio a empresas (reestruturacións)
- Formación (apoios á especialización laboral)
- Servizos (novos proxectos, diagnósticos empresariais, Plan de empresa e información sobre axudas)

O Acordo do 13 de xullo de 1998 aporta como principal novidade unha nova dimensión de apoio ás empresas, creando unha xestora de capital risco: **XESGALICIA** (constituída en marzo de 1999), cun presuposto de 16.000 millóns de pesetas e que dispón de tres instrumentos en función das demandas empresariais:

**Cadro 2.53**

### Fondos de capital de risco de XESGALICIA 2000-2004

| Proxectos e Inversións | | FONDOS | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | ADIANTE | EMPRENDE | SODIGA | TOTAL |
| **Nº proxectos** | 2000 | 6 | 13 | 12 | 31 |
| | 2001 | 5 | 3 | 8 | 16 |
| | 2002 | 2 | 7 | 7 | 16 |
| | 2003 | 1 | 8 | 11 | 20 |
| | **2004** | **4** | **5** | **3** | **12** |
| **Capital (1)** | 2000 | 1.949,74 | 2.644,99 | 7.081,79 | 11.676,52 |
| | 2001 | 1.983,34 | 552,81 | 5.820,80 | 8.356,95 |
| | 2002 | 396,50 | 2.203,07 | 4.471,78 | 7.071,35 |
| | 2003 | 0,00 | 3.521,42 | 16.860,18 | 20.381,60 |
| | **2004** | **450** | **1.209,9** | **3.045,29** | **4.705,19** |
| **Préstamo (1)** | 2000 | 2.405,05 | 1.203,65 | 913,54 | 4.522,24 |
| | 2001 | 1.472,48 | 288,49 | 5.592,30 | 7.353,27 |
| | 2002 | 859,45 | 2.347,34 | 847,43 | 4.054,22 |
| | 2003 | 1.202,00 | 1.513,55 | 2.352,01 | 5.067,56 |
| | **2004** | **2.868** | **400** | **1.600** | **4.868** |
| **Total (cap. + prest.) (1)** | 2000 | 4.354,79 | 3.848,64 | 7.995,33 | 16.198,76 |
| | 2001 | 3.455,82 | 841,30 | 11.413,10 | 15.710,22 |
| | 2002 | 1.255,95 | 4.550,41 | 5.319,21 | 11.125,57 |
| | 2003 | 1.202,00 | 5.034,97 | 19.212,19 | 25.449,16 |
| | **2004** | **3.318** | **1.609,9** | **4.645,29** | **9.573,19** |

(1) Miles de euros
Fonte: IGAPE (Xunta de Galicia)

**Cadro 2.54**

### Convenios de subsidiación de xuros e apoio á peme. Galicia 1999-2004

| | Nº de expedientes | | | | | Importe do préstamo (1) | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 |
| A Coruña | 323 | 353 | 257 | 235 | 326 | 95.418 | 61.405 | 58.608 | 54.679 | 46.577 |
| Lugo | 159 | 172 | 142 | 119 | 173 | 39.655 | 35.058 | 28.578 | 31.821 | 21.746 |
| Ourense | 94 | 186 | 89 | 71 | 83 | 32.798 | 25.703 | 16.867 | 8.833 | 11.205 |
| Pontevedra | 288 | 374 | 245 | 242 | 313 | 81.943 | 96.040 | 65.912 | 83.261 | 62.370 |
| Fóra de Galicia | | | 2 | 1 | | | | 422 | 225 | |
| **Galicia** | **864** | **1.085** | **735** | **668** | **895** | **249.815** | **218.206** | **170.387** | **178.819** | **141.898** |

Elaboración propia
(1) Datos en miles de euros
Fonte: Igape

▌Fondo Emprende, dotado inicialmente con mil millóns de pesetas e ampliándose ata chegar aos 4.000 millóns a finais de 2001, componse de aportacións da Xunta de Galicia, das Caixas de Aforro, e o BBVA, co obxectivo de promover as empresas de nova creación.

▌Fondo Adiante, cunha dotación inicial de mil millóns de pesetas, e ampliándose ata chegar a 3.500 millóns de pesetas en 2001, financiado con diñeiro público e destinado ao apoio ás empresas con problemas de viabilidade.

▌SODIGA, que pasa a constituírse exclusivamente nunha sociedade de capital risco. Prevese manter os actuais socios e ampliarase a outras entidades financeiras; apoia proxectos de desenvolvemento de empresas con estrutura financeira equilibrada e

un grao de madurez significativo. Xestiona directamente o Fondo Galicia–Norte de Portugal, acollido ao programa comunitario Interreg–3, formado por capital aportado a partes iguais –820 millóns de pesetas e mil millóns de escudos– pola Xunta de Galicia e a Rexión Norte de Portugal que financian investimentos en Portugal promovidos por empresas de Galicia e viceversa, primándose a creación de ***joint ventures*** entre empresas.

No cadro 2.53 contémplanse as inversións aprobadas dos fondos de XESGALICIA nos anos 2000 a 2004. Como se pode observar en 2000 aprobáronse 31 expedientes de inversión que supuxeron máis de 16 millóns de euros, descende en 2001 o número de inversións a 16 e lixeiramente a contía total –15,71 millóns de euros–. En 2002 tramítanse o mesmo número de expedientes de inversión co ano anterior: 16, baixando o importe total a 11,14 millóns de euros e no ano 2003 os 20 expedientes aprobados alcanzan un montante total entre as subvencións de capital e préstamo de 25,45 millóns de euros dos que a parte máis importante corresponde aos 11 proxectos de Sodiga. Por último no ano 2004 baixan ostensiblemente tanto o número de proxectos aprobados –12 como a contía da inversión: 9 millóns 573 mil euros, a máis pequena dos cinco anos de funcionamento da xestora.

A Consellería de Innovación, Industria e Comercio controla na actualidade o Centro de Innovación e Servizos de Deseño e Tecnoloxía (CIS), creado no seo do IGAPE en 1995, e que desenvolve o seu labor no eido da formación e das novas tecnoloxías empresariais, co obxectivo de espallar, no tecido empresarial galego, accións de I+D e complétase na súa actividade co Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira, no Parque Tecnolóxico de Galicia, creado en 1996, e o Centro Europeo de Empresas. Xunto a estes instrumentos, o IGAPE creou en Porriño, en colaboración coa Zona Franca de Vigo, o Centro de Iniciativas Empresariais (CIE), coa finalidade de apoiar a creación de empresas, especialmente as baseadas en ideas innovadoras e/ou promovidas por mozos emprendedores.

Dentro da modalidade de subvencións ao investimento, o IGAPE continúa cunha acción de política industrial xa "clásica" en Galicia, porque se vén mantendo desde hai máis dunha década: a **subvención do tipo de interese dos créditos bancarios ás Pequenas e Medianas Empresas (PEMES) galegas**. Dita modalidade compleméntase coa concesión de **avais** co obxecto de subministrar garantías ás empresas galegas (ou ás que teñan unidades produtivas en Galicia e destinen integramente ese diñeiro á creación, ampliación, reconversión ou reestruturación das mesmas) para investimentos e refinanciamento.

No cadro 2.54 contémplanse os datos dos programas de **apoio financeiro ás PEMES** de 2000 a 2004, desde o perspectiva provincial. En 2004 o número de expedientes aumenta nas catro provincias; en troques a contía total dos préstamos concedidos que foi de 141 millóns 898 mil euros diminúen con respecto ao ano anterior no total da comunidade e en todas as provincias excepto Ourense.

O cadro 2.55 presenta a información do programa de investimento produtivo, en 2004, por sectores. A maioría das axudas por número de expedientes foron para a o transporte, comercio, e industria. A contía maior do préstamo, correspondente a máis do 27,40%, foi para empresas do sector de transporte ocupando o lugar posterior o montante do préstamo concedido ao sector pesca.

No cadro 2.56 contémplase os datos en 2004 do **programa de apoio a continuidade e mellora competitiva da Peme,** unha das liñas importantes do Plan de consoli-

dación e competitividade da Peme de actuación actual do IGAPE. Do número total de expedientes a maioría corresponden aos programas de sistemas de calidade e máis de deseño nas empresas, o 58.53%, pero en base subvencionable e contía da subvención as cantidades máis importante son as correspondentes ao programa xenérico para as pemes con máis de 7 millóns 384 mil euros e os da Sociedade da Información cunha axuda de máis de 4 millóns para 24 proxectos.

Nos cadros 2.58 a 2.61 recóllense as subvencións e axudas das distintas consellerías da Xunta de Galicia que teñen incidencia na incentivación empresarial e industrial, agrupadas por programas segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autonómica Galega de 2001 a 2004 con excepción do primeiro deles que por cambios substanciais na numeración e título dos programas e non poder facer comparacións internuais só pode ofrecerse o correspondente a 2004.

**Cadro 2.55** Programas financeiros a PEMES. Por sectores. Galicia. 2004

| | Expedientes | Inversión subvencionable | Préstamo subvencionable | Ptos. Subsid. pond. | Subvención estimada | Emprego crear | Emprego manter |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Agricultura | 35 | 13.148,99 | 8.567,10 | 2,08 | 680,28 | 67 | 522 |
| Comercio | 197 | 38.170,81 | 25.319,75 | 1,83 | 1.743,58 | 231 | 1.005 |
| Industria | 176 | 34.245,91 | 26.179,12 | 2,06 | 1.634,07 | 186 | 4.595 |
| Medio Ambiente | 16 | 2.894,05 | 2.021,86 | 1,69 | 110,47 | 11 | 240 |
| Otros | 2 | 167,74 | 159,35 | 2,16 | 5,21 | 0 | 26 |
| Pesca | 80 | 51.821,62 | 29.184,64 | 1,90 | 2.258,72 | 375 | 736 |
| Transporte | 347 | 43.939,47 | 38.875,33 | 2,63 | 2.607,58 | 29 | 3.762 |
| Turismo | 42 | 18.530,52 | 11.589,80 | 2,11 | 983,21 | 124 | 254 |
| **Total** | **895** | **202.919,11** | **141.896,95** | **2,14** | **10.023,12** | **1.023** | **11.140** |

Datos en miles de euros
Fonte: IGAPE

**Cadro 2.56** Programa de apoio á continuidade e mellora competitiva da PEME. Galicia. 2004

| Modalidade | Nº de expedientes | Subvencionable | Subvención |
|---|---|---|---|
| Mellora competitiva | 189 | 31.156.423,47 | 7.384.023,91 |
| Modernización da hostelaría na Costa da Morte | 112 | 2.775.056,81 | 1.110.022,70 |
| PCCP-Sociedade da información | 24 | 7.726.400,33 | 4.031.194,80 |
| PCCP-Deseño | 272 | 4.915.318,02 | 2.207.836,20 |
| PCCP-Redes interempresa. de cooperación | 2 | 407.216,72 | 251.181,57 |
| PCCP-Sistemas de Calidade | 198 | 2.384.194,96 | 881.204,22 |
| PCCP- Innovación na xestión | 6 | 897.304,47 | 453.141,04 |
| **Total** | **803** | **50.261.914,78** | **16.318.604,44** |

En euros
PCCP: Plan de Consolidación e Competitividade da PEME
Fonte: Igape- Xunta de Galicia

**Cadro 2.57** Subvencións a fondo perdido para proxectos empresariais de investimento. Galicia 2004

| | Nº Expedientes | Gasto subvenc. | Subvención | Emprego a crear | Emprego a manter |
|---|---|---|---|---|---|
| A Coruña | 46 | 229.022.170 | 20.720.948 | 817 | 3.216 |
| Lugo | 11 | 35.547.726 | 3.724.956 | 164 | 418 |
| Ourense | 14 | 42.844.401 | 5.097.790 | 148 | 819 |
| Pontevedra | 49 | 246.095.828 | 25.972.798 | 1.144 | 3.513 |
| **Galicia** | **120** | **553.510.125** | **55.516.492** | **2.273** | **7.966** |

Importe en euros
Fonte: IGAPE (Xunta de Galicia)

## Cadro 2.58 Subvencións e axudas das Consellerías de Economía e Facenda e Innovación, Industria e Comercio (capítulo VII). Galicia. 2004

| | Programa | Concepto | 2004 |
|---|---|---|---|
| 432A | Plan Galego de I+D Tecnolóxico | I+D Industrial. Plan Galego de IDT | 980.379 |
| | | Fundac. Fomento da Calidade Ind. E Des. Tecnol.* | 630.112 |
| | | Colaboración con empresas privadas pra I+D | 15.316.170 |
| | | Proxectos infraestruturas de investigación a empresas privadas | 2.835.253 |
| | | Proxectos infraestruturas e convenios de I+D a empresas públicas | 20.560.929 |
| 432V PLAN GALICIA | Plan Galego de I+D Tecnolóxico. Plan Galicia | Proxectos infraestruturas e convenios de I+D a empresas públicas | 4.012.800 |
| | | Actuacións para I+D en empresas privadas | 2.000.000 |
| | | Actuacións e Convenios para I+D | 2.817.200 |
| | | Actuacións para I+D en Centros Tecnolóxicos sen ánimo de lucro | 2.817.200 |
| 521A | Regulación do comercio interior e política de prezos | Convenio IGAPE potenciación comercio minorista | 479.652 |
| | | Equipamentos comerciais de carácter social (Corporacións Locais) | 1.570.784 |
| | | Fundacións de interese galego de carácter feiral | 940.000 |
| | | Fundacións PROVIGO | 46.000 |
| | | Recinto Feiral Vilagarcía | 485.000 |
| | | Fundación Ferrol Metrópoli | 36.100 |
| | | Confederación Empresarios de Pontevedra | 25.000 |
| | | Cámaras de Comercio: Plan de Fomento de Exportacións (FOEXGA) | 1.650.000 |
| | | Cámaras de Comercio: Plans Pipe | 300.645 |
| | | Plan de Cese anticipado de Actividade Comercial | 2.108.230 |
| | | Galicia Calidade S.A. | 790.000 |
| 521V PLAN GALICIA | Regulación do comercio interior e política de prezos. Plan Galicia | Equipamentos comerciais de carácter social (Corporacións Locais) | 3.629.216 |
| | | Axudas ao comercio minorista | 1.300.000 |
| | | Plan de Cese anticipado de Actividade Comercial | 1.291.770 |
| | | Desenvolvemento e Revitalización do Sector Comercial | 3.000.000 |
| | | Distribución loxística e promoción comercial | 3.300.000 |
| | | Mercados Centrais de Vigo | 200.000 |
| 622A | Actuacións administrativas sobre a industria | Infraestruturas en polígonos industriais (corps. Locais e famil. e instit. sen fin de lucro) | 2.000.000 |
| | | Seguridade industrial (empresas privadas e familias e instit. sen fin de lucro) | 500.000 |
| 631A | Conservación e aforro de enerxía (uso racional da enerxía e enerxía renovable) | Instituto Enerxético de Galicia | 1.425.000 |
| | | Uso racional da enerxía nos Concellos (Corporacións Locais) | 1.600.000 |
| | | Fomento enerxías renovables | 525.374 |
| | | Plan Fomento Enerxía Solar | 1.365.778 |
| | | Uso racional da enerxía nas industrias | 54.000 |
| 631B | Infraestructuras enerxéticas | II Fase de Gasificación(*) | 1.200.400 |
| | | Infraestruturas enerxéticas municipais | 251.700 |
| | | Infraestruturas eléctricas no medio rural | 6.014.281 |
| | | Mellora de infaestruturas enerxéticas | 1.000.000 |
| 631V PLAN GALICIA | Programas de electrificac. e enerxías alternativas. Plan Galicia | Infraestruturas eléctricas en Medio Rural | 2.250.000 |
| | | Electricidade e 2 fase de Gasificación | 4.890.000 |
| 641A | Fomento da minería | Convenio coa Cámara Mineira* | 100.000 |
| | | Fomento Investigación minerais non metálicos | 1.100.000 |
| | | Fundación Centro Tecnolóxico da Lousa e do Granito | 300.000 |
| | | Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela | 1.412.400 |
| | | Convenio Confederación Hidrógrafica do Norte | 325.000 |
| 711C | Apoio á artesanía | Convenio coa S.A. Desenvolvemento Comarcal de Galicia | 120.000 |
| | | Apoio ao sector artesanal (empresas privadas) | 60.726 |
| | | Fundación Centro Galego de Artesanía e Diseño | 443.033 |
| 711V PLAN GALICIA | Apoio á artesanía Plan Galicia | Apoio ao sector artesanal (empresas privadas) | 424.000 |
| | | Fundación Centro Galego de Artesanía e Diseño | 119.000 |
| 712B | Apoio á moderniz. empres. e mellora da compet. nos sect. indust. e servizos | Transferencia ao IGAPE | 7.841.831 |
| | | Parque Tecnolóxico de Galicia | 150.092 |
| | | Observatorio da Sociedade da Información, Innovación e Calidade | 48.000 |
| | | Apoio á Innovación en sistemas, técnicas de xestión e coop. empresarial | 2.126.000 |
| | | Apoio á innovación en tecnoloxias de proceso | 24.503.676 |
| | | Apoio á innovación en tecnoloxías de produto e mercados | 1.933.178 |
| | | Potenciación acceso empresarial á sociedade da información | 743.191 |
| | | Desenvolvemento da sociedade da información | 2.297.419 |
| | | Suplementación de garantías e prexubilación en estaleiros galegos | 5.111.347 |
| | | Axudas a Centros tecnolóxicos sectoriais de Galicia | 1.504.084 |
| | | Convenios con entidades para fomento da sociedade da información e á innovación | 300.506 |
| 712V PLAN GALICIA | Apoio á moderniz. empres. e mellora da compet. nos sect. indust. e servizos Plan Galicia | Transferencia ao IGAPE | 3.681.521 |
| | | Apoio á Innovación en sistemas, técnicas de xestión e coop. empresarial | 24.000 |
| | | Potenciación acceso empresarial á sociedade da información | 1.510.000 |
| | **Total** | | **152.377.977** |

Elaboración propia
Datos en euros
Fonte: Xunta de Galicia. Presupostos xerais da CA Galega

## ■ Cadro 2.59 Subvencións e axudas da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria (capítulo VII). Galicia.2001-2004

| | Programa | Concepto | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 422 D | Desenvolvemento rural | Programas leader ou asimilados | 6.345.612 | | | |
| | | Desenvolvemento e diversificación económica en zonas rurais | 2.561.279 | | | |
| | | Adquisición de terras procedentes de arrendamentos históricos(*) | 240.405 | 240.405 | 120.202 | 180.000 |
| | | Axencia Galega de Desenvolvemento Rural | | 12.050.293 | 15.425.804 | 10.974.838 |
| 612A | Divulgación da tecnoloxía agraria | Primeiro establecemento | 222.374 | | | |
| | | Fomento asociacionismo agrario | | 1.793.282 | 1.790.000 | 1.800.000 |
| | | Fomento maquinaria en común | | 947.799 | 626.504 | 1.955.368 |
| 613 A | Sanidade vexetal e animal | Programas sanitarios especiais (Corporacións Locais) | 318.536 | 318.536 | 378.536 | 378.536 |
| | | Programas sanitarios especiais (empresas) | 2.159.503 | 2.159.503 | 2.159.503 | 1.295.702 |
| | | Agrupacións de defensa sanitaria | 1.367.381 | 1.391.356 | 2.003.000 | 2.721.760 |
| | | Axudas ATRIAS | 238.361 | | | |
| | | Plan apícola galego | | 480.810 | 480.810 | 480.810 |
| 614 A | Ordenación, reestruturación, fomento e mellora da produción agraria | Plan integral de mellora xenética | 1.532.581 | 3.580.529 | | |
| | | Apoio á eficacia dos sistemas produtivos | 905.124 | 3.942.604 | 4.942.604 | |
| | | Fomento da mellora tecnolóxica e mecanización en común | 2.094.227 | | | |
| | | Programa de defensa dos vexetais | 279.471 | | | |
| | | Aportación ao Instituto Lácteo e Gandeiro (ILGA) | 90.790.806 | 29.058.927 | 29.058.928 | |
| | | Reestrut. e recon. dos sistemas produtivos | 597.406 | | | |
| | | Programas agrarios especiais | | 674.172 | | |
| | | Fomento de actividades agrícolas complementarias | | 1.600.000 | 1.600.000 | 2.070.000 |
| | | Fomento de sistemas e ciclos agrarios sostibles | | 650.000 | 685.935 | 885.935 |
| | | Produción integrada e outras técnicas | | 787.993 | 890.000 | 1.147.697 |
| | | Potenciación da agricultura e gandería ecolóxica | | 9.379.391 | | |
| | | Axudas a explotacións e cooperativas | | 27.778.481 | 29.044.674 | 35.783.109 |
| | | Abandono da produción leiteira | | 317.337 | 317.337 | 317.337 |
| | | Promoción de sementes e plantas de viveiro | | 675.200 | 675.200 | 825.000 |
| | | Mellora das explotacións (da eficiencia) | | 28.236.981 | 36.525.937 | 25.938.959 |
| | | Programa de Mellora Gandeira ( a empresas) | | 1.643.119 | 5.833.843 | 4.471.800 |
| | | Programa de Mellora Gandeira (a familias e inst. sen fin de lucro) | | | | 2.737.985 |
| | | Medidas agroambientais (potenciacion agricultura e gandería ecolóxica) | | | 2.000.000 | |
| | | Indemnizacións compensatorias | | | 4.128.100 | 6.733.755 |
| | | Reestruturación do viñedo | | | | 5.521.921 |
| | | Cese anticipado na actividade agraria | | | | 20.407.450 |
| | | Mellora calidade do leite nas explotacións | | | | 3.000.000 |
| | | Fundación Centro Tecnolóxico da Carne | | | | 1.000.000 |
| | | Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) | | | | 24.717.323 |
| 615A | Regulación das producións e mercados agrarios | Ordenación de Produción e Mercados Agrarios | 3.529.624 | 3.528.884 | 2.790.000 | 6.123.236 |
| 711 B | Fomento de cultivos alternativos | Programa de acción e desenvolvemento da produción integrada | 2.367.387 | | | |
| 712 A | Fomento do sector gandeiro | Apoio á eficacia dos sistemas produtivos | 901.518 | | | |
| 712B | Apoio á moderniz. empresarial e mellora da compet. nos sectores indust. e servizos | Apoio á industrialización e comercilización | | | | 31.262.781 |
| 713 A | Fomento das industrias agroalimentarias | Apoio á industrialización e comercialización | 26.741.895 | 25.316.079 | 24.952.666 | |
| 714 A | Fomento da comercialización agroindustrial | Mellora da comercialización agroalimentaria | 3.942.135 | 3.020.314 | 3.120.000 | |
| | | Promoción e comercialización agroalimentaria | 150.253 | 150.253 | 150.000 | |
| | | Apoio a entidades asociativas | 318.536 | | | |
| | **Total** | | **147.604.414** | **159.722.248** | **169.699.583** | **192.731.302** |

Datos en euros
Inclúe tamén ao FEOGA
Fonte: Xunta de Galicia. Presupostos xerais da CA Galega
(1) Incluídos en distintos programas noutros anos

## ■ Cadro 2.60 Subvencións e axudas da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (capítulo VII). Galicia. 2001-2004

| | Programa | Concepto | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 432A | Plan Galego de Investigación e Desen. Tecnol. | Axudas á investigación empresas públicas | 210.354 | | | 11.582 |
| | | Axudas á investigación empresas privadas | 180.304 | 65.001 | 22.959 | |
| 612B | Promoción cooperativa e social e | Axudas a empresas para creación infraestruturas | | | | 270.000 |
| | divulgación da tecnoloxía pesqueira | Axudas a creación de empresas de servicios marítimos | | | | 210.000 |
| 612V PLAN GALICIA | Promoción cooperativa e social e divulgación da tecnoloxía pesqueira. PLAN GALICIA | Axudas a pesca costeira artesanal | | | | 3.879.906 |
| 614 B | Orden, reestrut. fomento e mellora | Desenvolvemento de proxectos pilotos | 166.895 | | 142.226 | |
| | da produc. pesqueira e cult. mariños | Axuste do esforzo pesqueiro | 3.277.319 | 3.275.109 | 3.272.894 | 2.963.088 |
| | | Paralización temporal e outras compensacións financeiras | 2.891.752 | 4.138.163 | 5.277.102 | 1.699.419 |
| | | Consolidación da flota galega (NEAFC) | 626.423 | 4.666.261 | | |
| | | Medidas socioeconómicas (a familias) | 963.915 | 963.268 | 962.617 | |
| | | Compensación por paralización. Temporal a familias | | 2.177.381 | 2.610.748 | 915.071 |
| 614V PLAN GALICIA | Orden, reestrut. fomento e mellora da produc. pesqueira e cult. mariños. Plan Galicia | Banco GTS (baixura: axuste esforzo +N/C) | | | | 500.000 |
| | | Medidas de carácter socio-económico .Plan Galicia | | | | 6.251.497 |
| 615B | Regulación das producións e mercados pesqueiros | Axudas saturación de mercados | | | | 177.311 |
| | | Axudas transporte concentración de mercados | | | | 182.200 |
| | | Audas fomento parámetros calidade mercados | | | | 182.311 |
| 721A | Apoio á empresa do sector primario | Renovación da flota pesqueira.Convenio IGAPE | | | | 40.906 |
| 721 B | Desenvolvemento sostible da explotación de recursos mariños | Desenvolvemento da acuicultura e dos cultivos mariños | 13.090.603 | 13.081.765 | 13.072.925 | 13.264.031 |
| | | Promoción, fomento da calidade e novas saídas prods. mariños | | | | 44.212 |
| | | Axudas ao fomento da internacionalización | | | | 44.211 |
| | | Cofinanciación incorporación fondos europeos | | | | 929.100 |
| | | Promoción, fomento da calidade e novas saídas prods. mariños(familias) | | | | 88.423 |
| 721V PLAN GALICIA | Apoio á empresa do sector primario. Plan Galicia | Axudas á transformación e conservación de produtos do mar | | | | 46.060.900 |
| | | Construción de novos buques pesqueiros.Plan Galicia | | | | 33.670.010 |
| | | Axudas investimento equipamiento portos pesqueiros | | | | 1.937.874 |
| 722 A | Transf., conserv., e comercialización de produtos mariños | Axudas a empresas de transf. e comercialización de produtos da pesca e acuicul. | 30.628.118 | 33.787.778 | 40.316.118 | |
| | | Outras subvencións | | | 636.745 | |
| 722 B | Promoción de produtos pesqueiros | Promoción de produtos e inves. de mercado | 567.614 | | | |
| | | Promoción fomento da calidade e búsqueda novas saídas comerciais | | | 48.834 | |
| | | Fomento da internacionalización | | | 48.834 | |
| 722C | Equipamentos pesqueiros | Convenio co Ente Público Portos de Galicia | | | | |
| | | Equipamentos públicos dos portos pesqueiros | 2.000.493 | 2.141.935 | 2.140.488 | |
| 723 A | Reestrut. e renovación da flota pesqueira | Reestrut. e renovación da flota pesqueira | 29.324.372 | 32.016.413 | 32.173.281 | |
| | | Plan de Renovación da Flota Pesqueira Artesanal | 2.702.301 | | | |
| | | Convenio IGAPE: renovación da flota | 238.001 | 208.251 | | |
| | | Accións sobre a pesca costeira artesanal (familias) | 2.698.971 | 2.697.149 | 2.695.327 | |
| 752 A | Servizos ás actividades marítimas | Programa de creación de infraestrut. turístico-culturais nos portos | 330.557 | | | |
| | | Axudas á creación de empresas de servizos no mar | 210.354 | | | |
| | | Axudas a empresas de servizos vinculadas ao mar | | 270.000 | 270.000 | |
| | | Desenvolvemento turístico | | 210.000 | 210.000 | |
| | **Total** | | **90.108.346** | **99.698.474** | **103.901.098** | **113.322.052** |

Datos en euros
Inclúe tamén ao IFOP
Fonte: Xunta de Galicia. Presupostos xerais da CA Galega

## Cadro 2.61 Subvencións e axudas da Consellería de Medio Ambiente (capítulo VII). Galicia. 2001-2004

| | Programa | Concepto | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 342 A | Protección e mellora do medio ambiente (1) | Acción de fomento de riquezas piscícolas e cinexética | | | 335.405 | |
| | | Medidas compensatorias no contorno dos espacios protexidos(empresas) | 444.749 | 725.367 | 354.263 | 248.263 |
| | | Medidas compensatorias no contorno dos espacios protexidos (familias e instts. sen fin de lucro) | | | 602.920 | 715.920 |
| | | Axudas para a ordenación da actividade cinexética e piscícola | | | 335.405 | 595.405 |
| | | Axudas para a conservación da biodiversidade | | | 22.778 | 93.433 |
| | | Subvencións en materia de medio ambiente industrial | 907.528 | | 463.010 | 503.358 |
| | | Axudas para a protección de animais domésticos | | | | 80.000 |
| | | Protección de animais domésticos e salvaxes en cautividade | | | | 120.200 |
| | | Promoción da implantación da axenda 21 en Galicia | | | | 243.841 |
| | | Accións de desenvolvemento sostible ao exterior | | | | 109.159 |
| 422 C | Prevención e defensa contra incendios forestais (Plan Forestal de Galicia) (2) | Subvención empresas privadas por investimentos de prevención de incendios | 985.660 | 505.563 | ***851.000*** | 1.500.000 |
| 614 C | Orden, reestrut. fomento e desenvolvemento do sector forestal (Plan Forestal de Galicia)(1) | Axudas empresas privadas para a creación e mellora das masas forestais | 22.714.399 | 15.482.707 | 18.390.200 | 28.878.428 |
| | | Á Confederación Hidrográfica do Norte | | | 100.000 | 100.000 |
| | | Ao Mº de Agricultura, Pesca e Alimentación | | | 292.212 | 292.213 |
| 731 A | Mellora da estrut. forestal e 1ª transformación | Axudas para a creación e mellora das masas forestais | 13.222.266 | 15.573.324 | 11.857.800 | |
| | | Mellora da competitividade (empresas privadas) | 601.012 | | | |
| | **Total** | | **38.875.614** | **32.286.961** | **33.604.993** | **33.480.220** |

Datos en euros
(1) Só comprende subvencións a empresas, non a familias, institucións sen fins de lucro, corporacións locais e organismos autónomos administrativos da Comunidade Autónoma
Fonte: Xunta de Galicia. Orzamentos xerais da CA Galega